

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 28 DE XANEIRO DE 2022

Ás 10.00 horas do día 28 de xaneiro de 2022, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asisten o deputado do Grupo Popular D. César Manuel Fernández Gil, que emitiu o seu voto por correo; nin o deputado do Grupo Socialista D. José Ignacio Gómez Pérez, que tamén emitiu o seu voto por correo.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 8º da orde do día e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do 17 de decembro de 2021.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do 17 de decembro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO DE DEMOCRACIA OURENSANA DON GONZALO PÉREZ JÁCOME.-

O Sr. secretario manifesta que trala renuncia ao cargo de deputado provincial de don José Miguel Caride Domínguez (inicialmente do grupo de Democracia Ourensana e posteriormente deputado non adscrito), de cuxa renuncia se deu conta ao Pleno na sesión do 17 de decembro de 2021, solicitóuselle á Xunta Electoral Central a emisión da credencial a quen lle correspondese substituílo. A dita Xunta Electoral emitiu a credencial a favor de don Gonzalo Pérez Jácome, quen presentou no rexistro xeral, con data 10 de xaneiro de 2022, as declaracións de bens e de intereses pertinentes, polo que non existe ningunha obxección legal para a súa toma de posesión, a cal debe efectuarse segundo a fórmula establecida no RD 707/1979, do 5 de abril, prestando xuramento ou promesa.

O Sr. presidente convida ao deputado provincial electo, don Gonzalo Pérez Jácome, a que se achegue á mesa de presidencia para tomar posesión do seu cargo mediante a prestación de xuramento ou promesa en legal forma.

D. Gonzalo Pérez Jácome toma posesión do seu cargo, prometendo o seu desempeño nos seguintes termos: *prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado provincial de Ourense, con lealdade a El Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.*

O Sr. presidente imponse a medalla corporativa ao Sr. Pérez Jácome, dándolle os parabéns pola súa toma de posesión. O Sr. Pérez Jácome incorpórase ao seu escano no grupo de Democracia Ourensana.

3º.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS (GES) PARA O PERÍODO 2022-2024.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Fai uso da palabra para indicar que o seu grupo vai votar a favor. Entende que sempre se podería facer unha revisión ou ampliación das sedes dos respectivos grupos, pero que neste caso se trata da sinatura dun convenio que é beneficioso para as arcas dos respectivos concellos.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que o seu grupo tamén vai votar a favor desta proposta.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que o Grupo Socialista, por responsabilidade, tamén vai votar a favor da ratificación deste convenio, xa que no caso contrario se deixaría aos respectivos concellos nunha situación moi difícil. Engade que esta Deputación estivo rápida e dilixente na sinatura deste convenio coa Xunta de Galicia, se ben se trata dun documento imposto unilateralmente pola Xunta de Galicia e que

vai supoñer un aumento do financiamento desta Deputación nos vindeiros anos 2023 e 2024, razón pola que as restantes deputacións só asinaron o convenio para este ano 2022, agardando que a Xunta se aveña a negociar un novo convenio. Sinala que se trata dun servizo que funciona razoablemente ben, se ben se debe mellorar, profesionalizando a contratación do persoal e evitando os problemas laborais que xera para os respectivos concellos as contratacións do persoal destes grupos de emerxencia.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza sinalando que no mes de marzo de 2021 se asinou unha addenda ao anterior convenio, coa incorporación dos concellos de Maceda e A Veiga, e xa alí se anunciou o obxectivo de crear unha rede profesional de emerxencias e con recursos e medios, materiais e humanos, suficientes. Entende que este obxectivo se vai cumprir coa incorporación de dezaseis novas persoas ao cadro de persoal dos GES da provincia, mellóranse as súas condicións laborais e amplíase a rede de emerxencias na provincia. Engade que se trata dun convenio amplamente negociado, e non imposto. Seguidamente procede a facer un breve resumo do texto do convenio, ao que considera un moi bo exemplo da colaboración institucional, no referente ás súas melloras e novidades, estrutura profesionalizada, rede de sedes e subsedes que conforman o mapa de emerxencias da provincia, mellora das condicións salariais dos traballadores dos respectivos grupos, e o cadro de financiamento deste servizo público (Xunta de Galicia, Deputación e concellos).

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Volve insistir en que o Grupo Socialista reconece a dilixencia desta Deputación na sinatura deste convenio, se ben matiza que as outras deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra se levantaron da reunión da comisión de seguimento do convenio porque foron obrigadas a isto, pola actitude e falta de lealdade institucional da Xunta de Galicia no seo desa comisión. Seguidamente indica que un modelo de cooperación como este debería estenderse, por exemplo, aos concellos cabeceiras de comarca que teñen servizos tan importantes e de carácter supramunicipal como os conservatorios.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que os representantes da Xunta de Galicia respectaron integramente o acordado na comisión de seguimento do convenio, e que as razóns polas que se levantaron os representaron das outras deputacións son outras e son de dominio público.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Ratificar a subscripción do convenio de colaboración asinado entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Ourense en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) para o período 2022-2024.

2º.- Autorizar expresamente a distribución das anualidades de gasto para os exercicios 2022, 2023 e 2024, correspondentes á Deputación Provincial conforme co establecido no dito convenio.

3º.- Establecer que o libramento dos fondos se realice a favor dos concellos que sexan sede ou subsede dos grupos de emerxencia supramunicipais ou aos servizos municipais, conforme co establecido no dito convenio. A xustificación dos fondos levarase a cabo conforme coas previsións establecidas no dito convenio.

4º.- Designar como representantes desta Deputación na comisión mixta de seguimento do convenio ao presidente da Deputación, don José Manuel Baltar Blanco, ao deputado delegado de Transparencia e Administración Provincial, don Plácido Álvarez Dobaño, e ao deputado delegado de Cooperación, don Pablo Pérez Pérez (que poden ser substituídos polos deputados ou deputadas provinciais que se designen por decreto da Presidencia).

4º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA BENOURENSE INFANCIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA 2022.

A Presidencia indica que tal e como se acordou na xunta de portavoces, os puntos 4, 5, 6 e 7 debateranse conxuntamente e votaranse por separado.

O Sr. secretario dá conta dos ditames favorables da comisión informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Fai uso da palabra para anunciar que vai votar a favor dos catro puntos que se van debater, xa que se trata de cooperar e construír futuro xunto co grupo de goberno.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que estes catro programas de cooperación constitúen o corpo básico da cooperación cos concellos desta Deputación en materia de servizos sociais, e entre os catro programas a súa dotación non acada os catro

millóns de euros, é dicir, nin o dous por cento do orzamento provincial, polo que entende que estamos diante dunha dotación francamente escasa e insuficiente. Indica que por exemplo no BenOurense infancia, dotado con 105.000,00 € para todos os concellos da provincia, redáctanse 11 follas para establecer criterios de reparto, e entende que esta mecánica e este procedemento debería estenderse a todo o reparto de subvencións desta Deputación. Insiste en que vimos dun momento no que os fondos se reduciron no orzamento de 2020 e a pesar de que se recupera a marxe orzamentaria, cos orzamentos expansivos e máis altos da historia da Deputación, se mantiveron as dotacións reducidas destes programas de cooperación. Por ultimo indica que no Programa BenOurense infancia para os PAI non deberan aparecer todos os concellos e todos os criterios, cando moitos concellos xa quedan automaticamente excluídos por non cumprir o requisito da poboación. Remata sinalando que, polo exposto, o seu grupo votará abstención.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Indica que o seu grupo votará a favor destas propostas, se ben manifesta a conveniencia de que ao longo do exercicio de 2022 se poidan incrementar os fondos orzamentarios para estes programas de cooperación.

- 1ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando a importancia destes programas de ámbito social, que atenden directamente ás persoas e ás familias. Indica que o seu grupo está decepcionado porque ano tras ano se repiten as mesmas bases e se reduce a súa dotación orzamentaria, polo que a Deputación debe coñecer a realidade dos concellos e os gastos que estes teñen que asumir, e que se incrementan ano tras ano. Estes programas deben ser valorados e revisados a través dos concellos, que son os coñecedores da realidade. Respecto aos criterios que se indican, aprobados pola FEMP, amosan algún resultado sorprendente, xa que os concellos con máis habitantes e máis nacementos, ao ter a consideración de concellos sen prioridade demográfica, perciben en termos porcentuais, menos subvención que outros que si teñen prioridade demográfica, polo que poderían incorporarse outros criterios que compensen esta situación. Para rematar esta quenda de intervención, insiste na necesidade de aumentar o orzamento destes programas, e que estes se adopten á realidade dos servizos sociais municipais.

- 1ª intervención Luz Doporto (grupo do PP): Comeza sinalando que a atención social é unha prioridade para este grupo de goberno, e que en todo caso a contía que se consigne nunca será suficiente para uns servizos tan sensibles. Insiste en que o grupo de goberno está valorando a posibilidade de incrementar a dotación destes ao longo do exercicio orzamentario, logo da

valoración que se faga desde a área de benestar provincial. Matiza que a dotación da asistencia social desta Deputación non se limita a estes programas como se dixo, xa que contan cunha importante dotación programas como o Chegou de axuda á natalidade ou o programa de tele asistencia provincial. Remata indicando que o grupo de goberno está aberto a estudar as propostas que se fagan para mellorar esta cooperación, lembrando que os cartos son limitados.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Indica que o labor da área de benestar da Deputación é encomiable e disto quere deixar constancia. En todo caso é evidente que a dotación orzamentaria é escasa e con respecto aos concellos medianos é pouco significativa en moitos casos. Pon como exemplo que recentemente a Xunta de Goberno provincial acaba de aprobar unha subvención de 250.000,00 € a favor do COB, o que resulta bastante chocante comparativamente con estes programas. Remata pedindo que se incrementen os fondos, ao longo do ano, con destino ao financiamento destes programas sociais que se están a debater.

- 2ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que cada exercicio se están incorporando concellos novos a estes programas, os cales teñen o mesmo financiamento, e supón que os concellos vexan reducida a súa subvención. Lembra que a Deputación neste exercicio ten o orzamento máis alto da súa historia, polo que se debe incrementar a súa dotación orzamentaria si ou si ao longo do ano polo seu carácter prioritario, e, se é preciso, reducindo os investimentos en obras.

- 2ª intervención Luz Doporto (grupo do PP): Para rematar recalca o compromiso do grupo de goberno de valorar o incremento da consignación destes programas, se ben se debe analizar previamente o estado de execución das subvencións concedidas, xa que existe algún suposto en que os concellos non son capaces de xustificar o importe total da subvención concedida. Conclúe indicando que estes programas son prioritarios para este goberno provincial e así o seguirán sendo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencial de don César Manuel Fernández Gil), de DO (2), e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (9, incluído o voto non presencial de don José Ignacio Gómez Pérez), e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente das bases reguladoras do Programa BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para servizos complementarios de atención á infancia 2022, co seguinte teor literal:

Primeira.- Obxecto da subvención:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa “**BenOurense Infancia- Servizos Complementarios**” en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos “Servizos Complementarios á infancia”.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese como **servizo complementario de atención á infancia**, aqueles servizos de titularidade municipal, que por xestión directa ou indirecta e en xornada diúrna, desenvolven funcións de atención e coidado fóra da xornada ordinaria dos centros escolares para nenos e nenas entre 3 e 12 anos actuando como soporte e apoio as familias e contribuíndo á conciliación da vida laboral e familiar.

A través deste programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gasto de mantemento dos centros e demais gastos inherentes aos servizos prestados dentro do servizo complementario.

Para as subvencións concedidas nesta acción, resérvase crédito na aplicación 23111/46201 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2022, por importe de 105.000,00 € (cento cinco mil euros).

Segunda.- Entidades beneficiarias.

Poderán obter subvención as corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, da provincia de Ourense, que contén cun servizo complementario da súa titularidade, xestionado de forma directa ou indirecta, que organice o coidado dos nenos e nenas no seo dun grupo coa finalidade de contribuír ao seu benestar e favorecer a conciliación laboral e familiar mediante a garda e custodia dos menores, funcione baixo un calendario coñecido e sistemático, con reserva de praza previa e unha regulación para a cobertura das prazas.

Para estes efectos, a imposibilidade de funcionamento dos servizos como consecuencia das restricións legais impostas pola pandemia do COVID 19 non impedirá a concesión e xustificación das subvencións, sempre que as entidades locais beneficiarias xustifiquen o

gasto realizado para o mantemento estrutural destes servizos sen prexuízo da paralización da súa prestación efectiva.

Quedan expresamente excluídos deste programa os servizos exclusivos de ludoteca, actividades de formación/capacitación complementarias á escolar e desenvolvidas no curso escolar (actividades extraescolares), actividades deportivas ou de ocio realizadas polo concello durante o curso escolar, e outras de natureza análoga ás anteriores.

Terceira.- Contía das subvencións

O importe da subvención obterase da realización dos seguintes cálculos:

- a) Cada concello de menos de 20.000 habitantes terase en conta a clasificación, en graos, que lle corresponde segundo os criterios do anexo I e, de forma que os concellos sen prioridade demográfica presentan menor risco demográfico que os de grao 1, este menor risco demográfico que os de grao 2, sendo o de maior risco demográfico os de grao 3. Cada grao ten atribuído un “coeficiente de ponderación” (en diante CP), así, para os concellos sen prioridade demográfica e os de grao 1 o coeficiente é 1, para o grao 2 o coeficiente é 1.25 e para o grao 3 o coeficiente é 1.5. Recóllese no anexo II a clasificación en graos de todos os concellos da provincia e o CP que lle corresponde a cada un.
- b) Obterase o sumatorio global dos CP dos concellos que soliciten esta subvención e teñan dereito a ela, e dividirase a contía global da subvención entre o sumatorio obtido.
- c) Para obter a contía concreta da subvención que lle corresponde a cada concello solicitante, multiplicarase a contía obtida en aplicación do expresado no parágrafo b) polo CP que lle corresponde ao concello concreto.

De forma gráfica o cálculo farase da forma seguinte:

- $Sumatorio\ dos\ CP\ de\ todos\ os\ concellos\ solicitantes = "C"$
- División da contía total da subvención: $105.000 / "C" = "R"$.

Para concretar a contía de subvención que lle corresponde a cada concello farase o cálculo seguinte:

$CP\ da\ entidade\ solicitante \times "R" =$ subvención que lle corresponde.

Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifieste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación.

O modelo normalizado estará dispoñible na web da Deputación de Ourense: <http://www.depourense.es>

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases. A comunicación da adhesión asinaráa dixitalmente a alcaldesa/e, presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentarase no Rexistro electrónico da Deputación de Ourense. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. En todo caso, mediante resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou modelo de adhesión, e será obxecto de publicación no BOP.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa.

Quinta.- Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

Sexta.- Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme o descrito nestas bases, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

- 1) Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada concello.

Antes do 1 de xuño de 2022, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 80% do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo III que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

- 2) Xustificación e pagamento final.

Ata o 30 de novembro de 2022 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención concedida asinada dixitalmente e segundo os formularios que lle indique a Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2022, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

1. Memoria da execución do proxecto subvencionado.

2. Relación de documentos xustificativos dos gastos. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do/a destinatario/a.
3. Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto e dos copagamentos das persoas usuarias do servizo.
4. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
5. Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

Á documentación anterior engadiránselle as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base décima.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos. Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2022, obxecto da presente convocatoria.

A subvención concedida xunto cos copagamento das persoas usuarias do servizo non poderán superar o 100% do custo do servizo. De ser este o caso, a subvención minorarase na contía precisa para que non supere esta porcentaxe.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificados polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse axustarase automaticamente segundo proceda.

Sétima- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas.

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e igual exercicio orzamentario.

Oitava- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas non que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

- a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.
- b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.es.
- c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de

transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.es As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación
- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

- f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.
- g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.
- h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.
- Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.
- i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.
- j) A falta de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.
- k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Novena .- Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios/as, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2022 e 2023. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades

subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos tres entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración se anunciará coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas

Décima.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas.

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

- 1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.
- 2.- A identificar o servizo cofinanciado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas

entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

Anexo I

Criteria para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e clasificación dos concellos da provincia de Ourense

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o *“Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico”*, recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que *“a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, leva consigo a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronteas de acción”*.

O citado documento enumera as *“catro figuras”* que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- o envellecemento,
- a caída da natalidade e
- a perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A *“Comisión de despoboamento”* da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos

no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, estas Áreas veñen establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que estes sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2022.

1. Datos oficiais empregados

Para garantir o estricto cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

Dato	Rexistro oficial	Enlace	Data
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico das áreas urbanas de España do Ministerio do Interior	https://www.fomento.gob.es/recursos_mfom/comodin/recursos/listado_areas_urbanas_por_municipios_2018.pdf	Novembro de 2021
Poboación oficial	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=2885&L=0	Publicado: 30/12/2020
Variación da poboación (2011-2020)	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=2885&L=0	Publicado: 30/11/2021. Elaboración propia a partir dos datos oficiais do INE
Superficie do termo municipal	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&paxina=000&c=-	2011

		1&ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&M=&S= &RET=	
Densidade de poboación	INE/IGE	https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=288 5&L=0/	Poboación INE 2020- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada cos datos do INE para poboación e do IGE para superficie
Índice de envellecemento	INE/IGE	https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?CO D=100&paxina=001&c=0201001002	Elaboración propia con datos de poboación de 2020 (publicados o 03/02/2021, que son os dispoñibles segmentados por idade e por concello)
Taxa de natalidade	IGE	https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?CO D=227&paxina=001&c=0201002001	Elaboración propia con datos de nacementos segundo sexo por concellos anos 2017-2018 e 2019 que son os definitivos a 23-11-2021

2. Clasificación inicial dos concellos da provincia de Ourense

a) Clasificación primaria dos concellos da provincia de Ourense.

1. Sen prioridade demográfica: estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “Atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2018” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
- Ter máis de 10.000 habitantes.
- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

2. Con prioridade demográfica: estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao Atlas estatístico e nos que concorran ademais, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

b) Clasificación Secundaria dos Concellos da Provincia de Ourense

Aqueles concellos que, na clasificación primaria, sexan considerados “*con prioridade demográfica*”, obterán un grao. Os grados son: **grao 1, grao 2 e grao 3**, onde o grado 1 será o de menor intensidade e o grado 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “*sen prioridade demográfica*”, obterán un **grao 0**.

3. Aplicación dos criterios para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos.

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia son os seguintes:

1.- Poboación.

Os concellos clasificaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2020.

2.- Situación xeográfica.

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “áreas urbanas” do Atlas estatístico das áreas urbanas.
- Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do Atlas estatístico das áreas urbanas.

3.- Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2011-2020.
- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2011-2020.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2011-2020.

- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2011-2020.
- Concellos que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2011-2020.

4.- Densidade demográfica municipal.

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km².
- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km².

5.- Índice de envellecemento.

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2020¹-, e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

6.- Taxa de natalidade.

Esta taxa obtérase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos

¹ Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

publicados polo IGE e referidos aos anos 2017, 2018, 2019², en atención ao que os concellos se clasificarán en:

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

4. Clasificación dos concellos: sen / con prioridade demográfica e grao 0 / 1 / 2 / 3.

Aplicando os criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

1. Sen prioridade demográfica

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

2. Con prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en grao en aplicación aos criterios seguintes:

Grao 1.

Serán considerado como grao 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en grao 1.

² Trátase del últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

Para ser clasificado de grao 2 ou de grao 3, terán, ademais de ser considerados “ con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do grao 2, ou do grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráselle sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

Grao 2.

Concellos con prioridade demográfica, que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdesen entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km².
- Concellos de menos de 1000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750 .
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km².
- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

Grao 3.

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2011-2020 maior ao 20%.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km².
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2011-2020 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais se cumpre algunha das seguintes características:

- Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ou
- Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

ANEXO II:

Clasificación de concellos “prioridade demográfica

	Concello	Clasificación prioridade demográfica	Coficiente ponderación CP
1	Allariz	sen prioridade	1
2	Amoeiro	grao 1	1
3	Arnoia, A	grao 2	1,25
4	Avión	grao 2	1,25
5	Baltar	grao 2	1,25
6	Bande	grao 2	1,25
7	Baños de Molgas	grao 2	1,25
8	Barbadás	sen prioridade	1
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade	1
10	Beade	grao 3	1,5
11	Beariz	grao 3	1,5
12	Blancos, Os	grao 3	1,5
13	Boborás	grao 2	1,25
14	Bola, A	grao 2	1,25
15	Bolo, O	grao 3	1,5
16	Calvos de Randín	grao 3	1,5
17	Carballada de Avia	grao 2	1,25
18	Carballada de Valdeorras	grao 2	1,25
19	Carballiño, O	sen prioridade	1

20	Cartelle	grao 2	1,25
21	Castrelo de Miño	grao 2	1,25
22	Castrelo do Val	grao 3	1,5
23	Castro Caldelas	grao 2	1,25
24	Celanova	grao 1	1
25	Cenlle	grao 2	1,25
26	Chandreja de Queixa	grao 3	1,5
27	Coles	sen prioridade	1
28	Cortegada	grao 2	1,25
29	Cualedro	grao 2	1,25
30	Entrimo	grao 2	1,25
31	Esgos	grao 1	1
32	Gomesende	grao 3	1,5
33	Gudiña, A	grao 2	1,25
34	Irixo, O	grao 2	1,25
35	Larouco	grao 3	1,5
36	Laza	grao 2	1,25
37	Leiro	grao 2	1,25
38	Lobeira	grao 3	1,5
39	Lobios	grao 2	1,25
40	Maceda	grao 1	1
41	Manzaneda	grao 3	1,5
42	Maside	grao 1	1
43	Melón	grao 2	1,25
44	Merca, A	grao 1	1
45	Mezquita, A	grao 2	1,25
46	Montederramo	grao 3	1,5
47	Monterrei	grao 2	1,25

48	Muíños	grao 2	1,25
49	Nogueira de Ramuín	grao 2	1,25
50	Oímbra	grao 2	1,25
51	Ourense	sen prioridade	1
52	Paderne de Allariz	grao 1	1
53	Padrenda	grao 2	1,25
54	Parada de Sil	grao 3	1,5
55	Pereiro de Aguiar, O	sen prioridade	1
56	Peroxa, A	grao 2	1,25
57	Petín	grao 2	1,25
58	Piñor	grao 2	1,25
59	Pobra de Trives, A	grao 2	1,25
60	Pontedeva	grao 3	1,5
61	Porqueira	grao 3	1,5
62	Punxín	grao 3	1,5
63	Quintela de Leirado	grao 3	1,5
64	Rairiz de Veiga	grao 2	1,25
65	Ramirás	grao 2	1,25
66	Ribadavia	grao 1	1
67	Riós	grao 2	1,25
68	Rúa, A	grao 1	1
69	Rubiá	grao 2	1,25
70	San Amaro	grao 2	1,25
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade	1
72	San Cristovo de Cea	grao 2	1,25
73	San Xoán de Río	grao 3	1,5
74	Sandiás	grao 1	1
75	Sarreaus	grao 2	1,25

76	Taboadela	grao 2	1,25
77	Teixeira, A	grao 3	1,5
78	Toén	grao 1	1
79	Trasmiras	grao 2	1,25
80	Veiga, A	grao 3	1,5
81	Verea	grao 3	1,5
82	Verín	sen prioridade	1
83	Viana do Bolo	grao 2	1,25
84	Vilamarín	grao 1	1
85	Vilamartín de Valdeorras	grao 1	1
86	Vilar de Barrio	grao 2	1,25
87	Vilar de Santos	grao 2	1,25
88	Vilardevós	grao 2	1,25
89	Vilariño de Conso	grao 3	1,5
90	Xinzo de Limia	grao 1	1
91	Xunqueira de Ambía	grao 2	1,25
92	Xunqueira de Espadanedo	grao 2	1,25

Anexo III

Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

Don/Dona.....,
 NIF....., en nome propio, ou en representación da
 entidade con
 NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declara responsablemente** ante a Deputación

Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta:

Primeiro: que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo: que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditarlo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

_____, ____ de _____ de _____

Asdo.:

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

5º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE INFANCIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A PUNTOS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA- PAI PARA O EJERCICIO 2022.

O debate deste asunto tivo lugar conxuntamente cos puntos 4º, 6º e 7º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencial de don César Manuel Fernández Gil), de DO (2), e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (9, incluído o voto non presencial de don José Ignacio Gómez Pérez), e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente das bases reguladoras do Programa BenOurense Infancia para a concesión de subvencións a puntos de atención á primeira infancia-PAI para o exercicio 2022, co seguinte teor literal:

Primeira- Obxecto da subvención:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa “**BenOurense Infancia**” en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos “Puntos de Atención a Primeira Infancia (PAI)”. Para os efectos das presente convocatoria enténdese como **PAI** aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais comunitarios específicos dos concellos, que teñen por finalidade prestar apoio aos pais, nais, titores/as e gardadores/as dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos e que se encontran regulados polo Decreto 329/2005, do 28 de xullo. Exceptúanse aqueles servizos xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que poida substituíla.

A través deste programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gastos de mantemento dos centros e demais gastos inherentes aos servizos prestados dentro do PAI.

Para as subvencións concedidas nesta acción resérvase crédito na aplicación 2311/46201 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2022 por importe de 105.000,00€ (cento cinco mil euros).

Segunda.- Entidades beneficiarias

Poderán obter subvención os concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia de Ourense, que teñan un PAI de titularidade municipal e que non estean xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que a substitúa.

Terceira- Contía da subvención

O importe da subvención obterase da realización dos seguintes cálculos:

- a) Cada concello de menos de 5.000 habitantes e, por iso, con posibilidade de ter xa en funcionamento un PAI e solicitar a axuda obxecto desta convocatoria, ten unha clasificación en graos obtida pola aplicación dos criterios recollidos no anexo I, sendo o

concello clasificado como “sen prioridade” o de menor risco demográfico, o grao 1 de menor risco demográfico que o grao 2, e este menor que o grao 3. Cada grao ten atribuído un “coeficiente de ponderación” (en diante CP), así, para os concellos en grao 0 e os de grao 1 o coeficiente é 1, para o grao 2 o coeficiente é 1.25 e para o grao 3 o coeficiente é 1.5. Recóllese no anexo II a clasificación en graos de todos os concellos da provincia de menos de 5.000 habitantes e o CP que lle corresponde a cada un.

b) Obterase o sumatorio global dos CP dos concellos que soliciten esta subvención e teñan dereito a ela, e dividírase a contía global da subvención entre o sumatorio obtido.

c) Para obter a contía concreta da subvención que lle corresponde a cada concello solicitante, multiplicarase a contía obtida en aplicación do expresado no parágrafo b) polo CP que lle corresponde ao concello concreto.

De forma gráfica o cálculo farase da forma seguinte:

- $Sumatorio\ dos\ CP\ de\ todos\ os\ concellos\ solicitantes = "C"$
- División da contía total da subvención: $105.000 / "C" = "R"$.

Para concretar a contía de subvención que lle corresponde a cada concello farase o cálculo seguinte: $CP\ da\ entidade\ solicitante \times "R" = \underline{\text{subvención que lle corresponde.}}$

Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación.

O modelo normalizado estará dispoñible na web da Deputación de Ourense. <http://www.depourense.es>

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases. A comunicación da adhesión asinaráa dixitalmente o/a alcalde/esa, presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentarase no Rexistro da

Deputación de Ourense. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior. A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. En todo caso, mediante resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou modelo de adhesión, e será obxecto de publicación no BOP.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa.

Quinta- Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas neste programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

Sexta.- Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro

As subvencións previstas neste programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme o descrito nestas bases, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

- 1) Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada concello.

Antes do 1 de xuño de 2022, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 80% do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incursas nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo III que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

2) Xustificación e pagamento final.

Ata o 30 de novembro de 2022 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención concedida asinada dixitalmente e segundo os formularios que lle indique a Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2022, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

1. Memoria da execución do proxecto subvencionado.
2. Relación de documentos xustificativos dos gastos. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do destinatario/a.
3. Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto.
4. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
5. Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

Á documentación anterior engadiránselle as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base décima.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2022, obxecto da presente convocatoria.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificados polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda.

Sétima- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e igual exercicio orzamentario.

Oitava- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto no apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- . En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

- a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.
- b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.es.
- c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.es. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os seus efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.
- d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á

finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación
- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

- i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.
- j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.
- k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Novena .- Control financeiro das subvencións

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos/ás beneficiarios/as, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2022 e 2023. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos tres entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración se anunciará coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas

Décima.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar o servizo cofinanciado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

Anexo I

Criterios para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e clasificación dos concellos da provincia de Ourense

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o “*Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico*”, recolléndose

neste documento, nas súas consideracións previas, que *“a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, leva consigo a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronteas de acción”*.

O citado documento enumera as *“catro figuras”* que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- o envellecemento,
- a caída da natalidade e
- a perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A *“Comisión de despoboamento”* da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, estas Áreas veñen establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que estes sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2022.

3. Datos oficiais empregados

Para garantir o estricto cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

Dato	Rexistro oficial	Enlace	Data
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico das áreas urbanas de España do Ministerio do Interior	https://www.fomento.gob.es/recursos_mfom/comodin/recursos/listado_areas_urbanas_por_municipios_2018.pdf	Novembro de 2021
Poboación oficial	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=2885&L=0	Publicado: 30/12/2020
Variación da poboación (2011-2020)	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=2885&L=0	Publicado:30/11/2021. Elaboración propia a partir dos datos oficiais do INE
Superficie do termo municipal	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&paxina=000&c=-1&ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&M=&S=&RET=	2011
Densidade de poboación	INE/IGE	https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=2885&L=0/	Poboación INE 2020- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada cos datos do INE para poboación e do IGE para superficie
Índice de envellecemento	INE/IGE	https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=100&paxina=001&c=0201001002	Elaboración propia con datos de poboación de 2020 (publicados o 03/02/2021, que son os dispoñibles segmentados por idade e por concello)
Taxa de natalidade	IGE	https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&paxina=001&c=0201002001	Elaboración propia con datos de nacementos segundo sexo por concellos anos 2017-2018 e 2019 que son os definitivos a 23-11-2021

4. Clasificación inicial dos concellos da provincia de Ourense

a) Clasificación primaria dos concellos da provincia de Ourense.

1. **Sen prioridade demográfica:** estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “Atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2018” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
- Ter máis de 10.000 habitantes.
- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

2. Con prioridade demográfica: estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao Atlas estatístico e nos que concorran ademais, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

b) Clasificación Secundaria dos Concellos da Provincia de Ourense

Aqueles concellos que, na clasificación primaria, sexan considerados “*con prioridade demográfica*”, obterán un grao. Os grados son: **grao 1, grao 2 e grao 3**, onde o grado 1 será o de menor intensidade e o grado 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “*sen prioridade demográfica*”, obterán un **grao 0**.

5. Aplicación dos criterios para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos.

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia son os seguintes:

1.- Poboación.

Os concellos clasificaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2020.

2.- Situación xeográfica.

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “áreas urbanas” do Atlas estatístico das áreas urbanas.
- Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do Atlas estatístico das áreas urbanas.

3.- Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2011-2020.
- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2011-2020.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2011-2020.
- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2011-2020.
- Concellos que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2011-2020.

4.- Densidade demográfica municipal.

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km².
- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km².

5.- Índice de envellecemento.

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2020³-, e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

6.- Taxa de natalidade.

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2017, 2018, 2019⁴, en atención ao que os concellos se clasificarán en:

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

6. Clasificación dos concellos: sen / con prioridade demográfica e grao 0 / 1 / 2 / 3.

Aplicando os criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

3. Sen prioridade demográfica

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

³ Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

⁴ Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

4. Con prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en grao en aplicación aos criterios seguintes:

Grao 1.

Serán considerado como grao 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en grao 1.

Para ser clasificado de grao 2 ou de grao 3, terán, ademais de ser considerados “con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do grao 2, ou do grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráselle sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

Grao 2.

Concellos con prioridade demográfica, que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdese entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km².
- Concellos de menos de 1000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750 .
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.

- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km².
- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

Grao 3.

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2011-2020 maior ao 20%.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km².
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2011-2020 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais se cumpre algunha das seguintes características:
 - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ou
 - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

ANEXO II:

Clasificación de concellos “prioridade demográfica

	Concello	Clasificación prioridade demográfica	Coefficiente ponderación CP
1	Allariz	sen prioridade	1

2	Amoeiro	grao 1	1
3	Arnoia, A	grao 2	1,25
4	Avión	grao 2	1,25
5	Baltar	grao 2	1,25
6	Bande	grao 2	1,25
7	Baños de Molgas	grao 2	1,25
8	Barbadás	sen prioridade	1
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade	1
10	Beade	grao 3	1,5
11	Beariz	grao 3	1,5
12	Blancos, Os	grao 3	1,5
13	Boborás	grao 2	1,25
14	Bola, A	grao 2	1,25
15	Bolo, O	grao 3	1,5
16	Calvos de Randín	grao 3	1,5
17	Carballeda de Avia	grao 2	1,25
18	Carballeda de Valdeorras	grao 2	1,25
19	Carballiño, O	sen prioridade	1
20	Cartelle	grao 2	1,25
21	Castrelo de Miño	grao 2	1,25
22	Castrelo do Val	grao 3	1,5
23	Castro Caldelas	grao 2	1,25
24	Celanova	grao 1	1
25	Cenlle	grao 2	1,25
26	Chandrea de Queixa	grao 3	1,5
27	Coles	sen prioridade	1
28	Cortegada	grao 2	1,25
29	Cualedro	grao 2	1,25

30	Entrimo	grao 2	1,25
31	Esgos	grao 1	1
32	Gomesende	grao 3	1,5
33	Gudiña, A	grao 2	1,25
34	Irixo, O	grao 2	1,25
35	Larouco	grao 3	1,5
36	Laza	grao 2	1,25
37	Leiro	grao 2	1,25
38	Lobeira	grao 3	1,5
39	Lobios	grao 2	1,25
40	Maceda	grao 1	1
41	Manzaneda	grao 3	1,5
42	Maside	grao 1	1
43	Melón	grao 2	1,25
44	Merca, A	grao 1	1
45	Mezquita, A	grao 2	1,25
46	Montederramo	grao 3	1,5
47	Monterrei	grao 2	1,25
48	Muíños	grao 2	1,25
49	Nogueira de Ramuín	grao 2	1,25
50	Oímbra	grao 2	1,25
51	Ourense	sen prioridade	1
52	Paderne de Allariz	grao 1	1
53	Padrenda	grao 2	1,25
54	Parada de Sil	grao 3	1,5
55	Pereiro de Aguiar, O	sen prioridade	1
56	Peroxa, A	grao 2	1,25
57	Petín	grao 2	1,25

58	Piñor	grao 2	1,25
59	Pobra de Trives, A	grao 2	1,25
60	Pontedeva	grao 3	1,5
61	Porqueira	grao 3	1,5
62	Punxín	grao 3	1,5
63	Quintela de Leirado	grao 3	1,5
64	Rairiz de Veiga	grao 2	1,25
65	Ramirás	grao 2	1,25
66	Ribadavia	grao 1	1
67	Riós	grao 2	1,25
68	Rúa, A	grao 1	1
69	Rubiá	grao 2	1,25
70	San Amaro	grao 2	1,25
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade	1
72	San Cristovo de Cea	grao 2	1,25
73	San Xoán de Río	grao 3	1,5
74	Sandiás	grao 1	1
75	Sarreaus	grao 2	1,25
76	Taboadela	grao 2	1,25
77	Teixeira, A	grao 3	1,5
78	Toén	grao 1	1
79	Trasmiras	grao 2	1,25
80	Veiga, A	grao 3	1,5
81	Verea	grao 3	1,5
82	Verín	sen prioridade	1
83	Viana do Bolo	grao 2	1,25
84	Vilamarín	grao 1	1
85	Vilamartín de Valdeorras	grao 1	1

86	Vilar de Barrio	grao 2	1,25
87	Vilar de Santos	grao 2	1,25
88	Vilardevós	grao 2	1,25
89	Vilariño de Conso	grao 3	1,5
90	Xinzo de Limia	grao 1	1
91	Xunqueira de Ambía	grao 2	1,25
92	Xunqueira de Espadanedo	grao 2	1,25

Anexo III

Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

Don/Dona.....,
 NIF....., en nome propio, ou en representación da
 entidade con
 NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declara responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta:

Primeiro: que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo: que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

_____, _____ de _____ de _____

Asdo.:

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

6º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PROGRAMA BENOURENSE PERSOAL TÉCNICO 2022.

O debate deste asunto tivo lugar conxuntamente cos puntos 4º, 5º e 7º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencial de don César Manuel Fernández Gil), de DO (2), e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (9, incluído o voto non presencial de don José Ignacio Gómez Pérez), e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente das bases reguladoras do Programa BenOurense Persoal Técnico para o exercicio 2022, co seguinte teor literal:

I. Bases xerais

A) Obxecto e alcance do programa:

Constitúe o obxecto do presente Programa provincial de asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos en materia de servizos sociais comunitarios para o exercicio 2022, denominado Programa BenOurense Persoal Técnico, o establecemento, de xeito integral e detallado, regulando os trámites para a súa total execución, das accións que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 63 da Lei

13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

En consecuencia, e ao abeiro dos preceptos citados, o obxecto do programa cingúese á programación detallada das accións de asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos. Para estes efectos, inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, este programa refírese á:

1. Acción 1ª: asistencia económica, co obxecto de garantir o financiamento aos concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes para a contratación ou nomeamento de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao de traballador/a social .
2. Acción 2ª: asistencia técnica e xurídica en materia de servizos sociais, complementaria da asistencia económica. Esta prestación levarase a cabo por persoal da Área de Benestar da Deputación, consistindo na emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase de xeito prioritario ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e rurais de alta dispersión.

Para a concesión destas axudas resérvase un crédito, dentro da partida orzamentaria 23111/46200, de douscentos noventa e nove mil cincocentos once euros (299.511,00 €).

B) Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria que a presentación de solicitudes sexa conforme co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no programa deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que deberán ser descargados na web da Deputación de Ourense, <http://www.depourense.es>

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao desta publicación. A comunicación da adhesión asinaráa dixitalmente o/ alcalde/esa, presidente/a ou secretario/a da entidade local e presentarase no rexistro electrónico da Deputación de Ourense. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local ao programa, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior, se entenderá que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións.

C) Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas neste programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

D) Tramitación das subvencións de asistencia económica. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.

As subvencións previstas no presente programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base B), procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

D.1) Pagamento anticipado do 80 % do importe máximo total de subvención previsto: antes do 1 de xuño, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo para xustificar, do 80 % do importe total da subvención prevista. O 20% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final, conforme co previsto nestas bases.

Para o libramento do anticipo da subvención as entidades beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do anexo II que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

D.2) Xustificación e pagamento da subvención para o financiamento de persoal técnico.

A xustificación realizarase do xeito previsto na base II.3.

D.3) Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro:

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste suposto, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de ser o caso.

E) Réxime de protección de datos achegados coa solicitude.

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes baséase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como non artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte co indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido non artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é ou seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa O Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988 317 600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.es

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que consta no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os seus efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para a acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así ou reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adjudicación
 - Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adjudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
 - Ás persoas que ou soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras o expediente previo contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.
- f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.
- g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na

lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitarlle en todo momento á Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

- i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.
- j) A falta de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.
- k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

F) Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2022 e 2023. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo á prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no

suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa realización anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicaranse ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

G) Obrigas das entidades locais adheridas:

Sen prexuízo das obrigas establecidas con carácter específico e de sometemento ao control financeiro previsto nas bases xerais, as entidades adheridas estarán obrigadas a:

- a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar cada un dos pagos da subvención.
- b) Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.
- c) A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirille á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo/persoal como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao

cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

II) Bases relativas á acción 1: equipos técnicos municipais de servizos sociais:

II.1 Obxecto:

En virtude desta actuación, a Deputación Provincial subvencionará a contratación ou nomeamento de persoal que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades sociais que, segundo o previsto no anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, teñan clasificación de Unidades de Traballo e Educación Social (UTES), ou Unidades Interdisciplinares de Intervención Social (UNIS).

A través do presente programa, a Deputación subvencionará exclusivamente a contratación ou nomeamento dos/as profesionais titulados/as que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades locais de menos de 20.000 habitantes que non sexan subvencionados pola Xunta de Galicia, conforme co previsto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo. No caso de adscricións de funcionario/a ou persoal laboral de concellos e/ou mancomunidades terá que estar en situación laboral de alta para poder ser subvencionado con cargo a este programa.

No contrato, ou na decisión formal de adscribir a persoal propio da entidade, deberá reflectirse a titulación do/a profesional (ou profesionais), así como a categoría profesional da persoa que se adscribe/contrata e as funcións que desenvolve dentro da/s unidade/s de servizos sociais. Poderá xustificarse o custo laboral bruto dende o 1 de xaneiro de 2022. En todo caso, para o cobro da cantidade total asignada, terase en conta que o período de contratación pola entidade sexa, cando menos, de 6 meses no exercicio 2022 e en xornada superior ás 20 horas semanais. No caso de que a duración do contrato fose inferior en tempo ou en xornada laboral realizarase un rateo da subvención aprobada para este concepto.

Os/as profesionais con contrato ou adscrición deberán formar parte do equipo municipal de servizos sociais comunitarios da entidade e desenvolver funcións relacionadas, o cal se

documentará cun certificado da persoa titular da secretaría municipal no que conste que o/a profesional desenvolve funcións do ámbito dos servizos sociais municipais.

En concreto, serán beneficiarias de subvención as entidades locais (concellos ou mancomunidades) que se atopen clasificadas nos seguintes supostos conforme co anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro.

- a) Entidades locais de áreas rurais de máis de 5.000 ata 12.000 habitantes e de áreas semiurbanas de máis de 10.000 e ata 15.000 habitantes: 1 técnico/a equivalente a un grupo A, subgrupo A2 -diferente ao/á traballador/a social- que complemente os servizos sociais e desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro deste ámbito.
- b) Entidades locais de áreas rurais de máis de 12.000 e menos de 20.000 habitantes e de áreas semiurbanas de máis de 15.000 e ata 20.000 habitantes: 1 técnico/a igual o equivalente a un grupo A, subgrupo A2, – diferente ao/á traballador/a social que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais do concello ou mancomunidade, e un técnico/a igual ou equivalente a un grupo A, subgrupo A1 que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais.

II.2. Contía da subvención:

O importe da subvención por profesional será equivalente aos módulos económicos previstos no artigo 47.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a seu financiamento, modificados por Orde do 13 de xullo de 2016 (DOG número 140 do 26 de xullo de 2016)

- Por cada técnico/a grupo A, subgrupo A2 (UTES e UNIS): 16.815,00 euros.
- Por cada técnico/a grupo A, subgrupo A1 (UNIS): 20.229,00 euros.

O cadro de distribución das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes, figura como anexo I do programa.

II.3. Xustificación e pagamento:

- a) Ata o 30 de novembro de 2022 (inclusive), as entidades locais beneficiarias terán que presentar a documentación xustificativa da subvención concedida, asinada dixitalmente e segundo os formularios normalizados que lle indique a Área de Benestar da Deputación.

Para a xustificación final da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a contratación/nomeamento do persoal técnico subvencionado durante o exercicio 2022, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

1. Memoria descritiva dos servizos sociais prestados.
2. Certificación dos gastos efectuados expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria e segundo o modelo facilitado pola Deputación.
3. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.

Xunto coa documentación anterior achegaranse as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base xeral G).

A recepción da documentación xustificativa equivalerá ao acto administrativo de declaración da xustificación da subvención, procedéndose ao libramento do importe xustificado, que será o equivalente ao 20 % da contía máxima de subvención inicialmente prevista, agás que o contrato ou nomeamento do persoal técnico tivese unha duración inferior, en tempo ou en xornada laboral tal como se recolle na base II.1, en cuxo caso o seu importe ratearase proporcionalmente de xeito automático.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2022, obxecto desta convocatoria.

Para cada libramento da subvención (tanto na fase de anticipo como de xustificación final), as entidades beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do anexo II que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

Aquelas entidades que queiran xustificar gastos comprometidos correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2022 poderán presentar un certificado de gastos comprometidos asinados polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

No caso de non presentar a xustificación no prazo previsto, terán unha penalización equivalente o 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

III. Bases relativas á acción 2: asistencia técnica e xurídica aos servizos sociais municipais.

O equipo técnico provincial de servizos sociais integrarase por empregados/as públicos ao servizo da Deputación Provincial, que operarán baixo a dependencia da Área de Benestar e realizarán labores de coordinación e apoio aos equipos municipais e mancomunais, comprendendo a prestación de asesoramento e emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase en función dos medios dispoñibles pola Deputación Provincial en cada momento, e dirixirase prioritariamente ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e áreas rurais de elevada dispersión.

Estas prestacións serán gratuítas para os concellos e mancomunidades, sendo por conta da Deputación todos os custos salariais e de seguridade social do persoal así como as indemnizacións por desprazamento e manutención, se é o caso. Non obstante, a prestación do servizo non implicará necesariamente o desprazamento do persoal provincial á entidade local, agás cando sexa estritamente necesario.

As prestacións de asistencia técnica planificaranse de oficio dende a Deputación Provincial en atención ás demandas e necesidades formuladas polos concellos e mancomunidades.

Anexo I

Entidade local prestadora SSCM	Unidade técnica	Área	Grupo A subg. A2	Módulo económico	Grupo A subg. A1	Módulo económico	Total entidade
Allariz	UTES	Rural 28	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Barbadás	UTES	Semiurb. 9	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €

Barco de Valdeorras, O	UNIS	Rural 31	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Carballiño, O	UNIS	Rural 25	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Mancomunidade de Verín	UTES	Rural 30	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade do Carballiño	UTES	Rural 25	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade do Ribeiro	UTES	Rural 26	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade Santa Águeda	UTES	Rural 24	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade Terras de Celanova	UNIS	Rural 27	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Pereiro de Aguiar, O	UTES	Rural 24	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Ribadavia	UTES	Rural 26	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Verín	UNIS	Rural 30	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Xinzo de Limia	UTES	Rural 29	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €

Anexo II

Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

D./D.^a....., NIF....., en nome
propio, ou en representación da entidade
....., NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao amparo do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, declara responsablemente ante a Deputación Provincial de Ourense, e para efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao seu cobro,

Primeiro: que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo: que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditarlo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano concedente da subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidese producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

_____, ____ de _____ de _____

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

7º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PROGRAMA BENOURENSE PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR BÁSICO – SAF BÁSICO PARA O EXERCICIO 2022.-

O debate deste asunto tivo lugar conxuntamente cos puntos 4º, 5º e 6º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencial de don César Manuel Fernández Gil), de DO (2), e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (9, incluído o voto non presencial de don José Ignacio Gómez Pérez), e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente das bases reguladoras do Programa BenOurense para o servizo de axuda no fogar básico – SAF básico, para o exercicio 2022, co seguinte teor literal:

1.- Obxecto, fundamento competencial e dotación orzamentaria

O Programa BenOurense SAF básico regula a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva destinadas ás entidades locais da provincia de Ourense de

menos de 20.000 habitantes que presten o servizo de atención no fogar básico (SAF básico). Inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

Este programa establécese no exercicio das competencias atribuídas á Deputación polos artigos 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Para a concesión destas axudas reservase un crédito, dentro da partida orzamentaria 23111 46200 de novecentos mil catrocentos oitenta e nove euros (900.489,00 €).

II .- Beneficiarios

Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, a Deputación subvencionará, a través deste programa, ás entidades locais da provincia de Ourense, de menos de 20.000 habitantes, que presten o SAF básico, tanto nos supostos de xestión directa como de xestión indirecta do servizo.

Considerarase SAF básico para os efectos deste programa, aquel cuxas persoas usuarias accedan ao servizo en réxime de libre concorrència. Considerarase tamén como persoas usuarias en réxime de libre concorrència ás persoas que teñan recoñecido o estatuto de persoas dependentes no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, en tanto o seu programa de atención individualizada (PIA) non teña efectividade ou o devandito programa non contemple ou non poida dar cobertura ao número de horas de atención domicilia que, a criterio dos servizos sociais municipais, sexa necesario para a persoa usuaria, podendo xustificarse a cargo desta subvención aquelas horas que sexan cubertas a través do sistema de libre concorrència ás devanditas persoas beneficiarias.

III. - Contía da subvención

1. O importe da subvención por entidade local determínase da forma seguinte:

a) Tramo fixo: asígnase un primeiro tramo fixo segundo o grao no que estea clasificado o concello adherido en atención “á prioridade demográfica”, tal e como establecen os criterios recollidos no Anexo I. Os concellos aparecen clasificados por graos no Anexo II e as contías asignadas do tramo fixo son as seguintes:

- Concellos clasificados como “sen prioridade”: 2.000,00 €
- Concellos clasificados como grao 1: 3.000,00 €
- Concellos clasificados como grao 2: 3.500,00 €
- Concellos clasificados como grao 3: 4.000,00 €

b) Tramo variable: para o cálculo deste tramo aplicarase a ratio de cobertura por habitante recollido no anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividir o crédito orzamentario dispoñible – logo de restarlle o importe total destinado ao tramo fixo-, entre o número de unidades existentes, conforme co seguinte:

b.1) Concellos de áreas caracterizadas como semiurbanas:

- De 10.000 a 20.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 400 habitantes.
- Menos de 10.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 350 habitantes.

b.2) Concellos de áreas caracterizadas como áreas rurais:

- De 12.000 a 20.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 250 habitantes.
- Menos de 12.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 175 habitantes.

b.3) Concellos de áreas rurais de alta dispersión: 1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.

Nos supostos en que o SAF básico sexa prestado por mancomunidades, a contía será o resultado de sumar as cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

O cadro de distribución inicial das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes conforme coas regras precedentes, figura como Anexo III do presente Programa.

2. A contía máxima inicial prevista por entidade local - que aparece recollida no anexo III deste programa-, queda condicionada a que esta contía non supere o custo neto do SAF básico para a entidade local calculado conforme ás regras seguintes:

a) Xestión directa do servizo:

O custo total do SAF estará determinado pola suma dos seguintes custos:

- O custo total do persoal auxiliar de axuda no fogar (básico e dependencia).
- O custo dos desprazamentos do persoal de axuda no fogar (básico e dependencia).

A partir do custo do SAF total determinarase o custo bruto do SAF básico multiplicando o custo do SAF total (básica e dependencia), polo número de horas de servizos prestados de SAF básico, e dividindo o resultado entre o número de horas de servizos prestados do SAF total.

b) Xestión indirecta do servizo: o custo bruto do SAF básico será o que apareza reflectido na factura emitida pola adxudicataria do servizo.

En atención á situación excepcional derivada da crise sanitaria provocada polo COVID-19, e que leva consigo a necesidade de asumir gastos extraordinarios por parte de concellos/mancomunidades para garantir a prestación do servizo coas mellores garantías de seguridade, no exercicio 2022 será posible que, tanto para a xestión directa coma a indirecta do servizo, ao custo bruto do SAF básico se lle poida sumar, en concepto de “outros gastos ou custos do servizo” ata un máximo dun 25% da contía total da subvención. Entenderase como “outros gastos ou custos do servizo”, gastos de persoal indirectamente relacionados coa prestación do SAF de coordinación e/ou control administrativo de servizo, gastos en material funxible (luvas, máscaras, material desinfectante ...), ou análogos.

Obtido o custo bruto do SAF básico, tanto para a xestión directa coma para a xestión indirecta, o seu custo neto será a diferenza entre o custo bruto e os ingresos liquidados pola entidade local (ou entidade que xestione o servizo por conta da entidade local) en concepto de taxas ou prezos públicos pola súa prestación.

A determinación do custo neto do SAF básico obtido da forma indicada aparecerá reflectido na certificación emitida polo secretario/interventor da entidade local correspondente e será o gasto efectivamente xustificado para os efectos deste Programa.

IV.- Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes conforme co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlles a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía/ Presidencia (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos que poñerá a súa disposición a Deputación.

O modelo normalizado estará dispoñible na web da Deputación de Ourense: <http://www.depourense.es>

A comunicación da adhesión será asinada dixitalmente polo/a alcalde/alcaldesa, presidente/a ou secretario/a da entidade local e presentarse no Rexistro electrónico da Deputación no prazo máximo de quince días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local ao Programa, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia, que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións. Neste suposto, os remanentes de co financiamento non utilizados incrementarán de forma lineal o importe total asignado aos concellos clasificados en grao III, de forma que a contía total do remanente dividirase entre o número de concellos de grao III e a contía resultante será na que se incremente a contía xa recollida para cada un destes concellos no Anexo III destas bases.

Coa adhesión, os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigas previstas neste programa.

V.- Réxime xurídico

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

VI.- Xustificación e pagamento

A subvención prevista neste programa entenderanse automaticamente concedida ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base IV, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

1. Pago anticipado a conta da xustificación final:

Antes do 1 de xuño de 2022, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo para xustificar, do 80 % do importe total de subvención previsto a cada concello. O 20% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases e que será, como máximo, o 30 de novembro de 2022.

A xustificación do programa incluírá soamente os gastos efectuados ata o 31 de outubro de 2022, os gastos correspondentes ao meses de novembro e decembro do 2022 poderán xustificarse cun certificado de gastos comprometidos asinados polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

2. Xustificación e pago final.

A xustificación da subvención poderase realizar de dúas formas, cuxa elección dependerá do criterio da entidade beneficiaria:

a) Automatizada:

Dende a Área de Transparencia porase a disposición daquelas entidades locais que así o decidan unha plataforma informática de xestión do SAF, na que por parte dos concellos/mancomunidades se introducirán de forma sucesiva ao longo do ano os datos relativos á prestación do servizo (axendas usuarios, persoal adscrito, horas de prestación, gastos do servizo ...). Esta ferramenta posibilitará de cara á xustificación final da subvención, que se xere de xeito automático, a Memoria económica do SAF e a Certificación de gastos

efectuados, que conterán todos os datos necesarios que permitan amosar o sistema de cálculo do custo bruto e neto do SAF, de acordo aos criterios recollidos na base III.2, apartados a) ou b) segundo corresponda o tipo de xestión directa ou indirecta do servizo.

- Para ofrecer soporte funcional (consultas e dúbidas) relacionadas coa operativa de funcionamento da plataforma informática de xestión do SAF (incorporación de datos nas axendas, transicións de beneficiarios, fórmulas de cálculo de copagamentos, mecanismos de desagregación de resultados, ...) deberá poñerse en contacto coa Área de Benestar no 988 317773
- Para soporte relacionado con incidencias técnicas da plataforma informática de xestión do SAF deberá porse en contacto coa Área de Transparencia e Goberno Aberto no teléfono 988317700 ou a través do mail: atga@depourense.es onde xerará un ticket a través do xestor de incidencias e así dar resposta a incidencia formulada.

Esta Memoria económica e a Certificación de gastos presentárase no Rexistro electrónico da Deputación de Ourense, asinada electronicamente polo funcionario responsable dos servizos de intervención da entidade beneficiaria, ata o 30 de novembro de 2022.

Á emisión e presentación da Memoria e a Certificación engadiránselle as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base X.

b) **Manual:** as entidades beneficiarias cubrirán a Certificación de gastos e a Memoria económica no formulario tipificado pola Deputación de Ourense e que estará accesible na web da Deputación de Ourense. <http://www.depourense.es>

A certificación de gastos e a memoria económica deberá estar asinada polo responsable da secretaría/intervención e os datos reflectirán o sistema de cálculo do custo bruto e neto recollido na base III.2, apartados a) ou b) segundo corresponda o tipo de xestión directa ou indirecta do servizo, deberá de estar firmada electronicamente polo funcionario responsable dos servizos de intervención da entidade beneficiaria e ser presentada no rexistro electrónico da Deputación de Ourense ata o día 30 de novembro de 2022, xunto coas mostras gráficas das

medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base X.

Aquelas entidades que queiran xustificar gastos comprometidos correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2022 poderán presentar un certificado de gastos comprometidos asinados polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo IV que pon a disposición a Deputación de Ourense.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

VII.- Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos no que o importe do gasto xustificado (correspondente ao custo neto do SAF básico) polas entidades locais beneficiarias sexa inferior á contía inicial máxima da subvención prevista neste programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse axustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de ser o caso.

VIII.- Réxime de protección de datos achegados coa solicitude

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

- a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.
- b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.es.
- c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.es. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a

publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación
- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos. j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

IX. Control financeiro das subvencións

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas neste programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2021 e 2022. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicaranse ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

X.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas:

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento do SAF básico que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, poderá lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, ou ao reintegro ou perda parcial dos ditos dereitos, en función da gravidade do incumprimento. A declaración de reintegro ou perda total ou parcial do dereito á subvención será resolta pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar o servizo cofinanciado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirille á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como co financiado pola Deputación e que responderá as normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades adheridas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención será realizada por resolución da Presidencia da

Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

Anexo I

Criterios para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e clasificación dos concellos da provincia de Ourense

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o *“Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico”*, recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que *“a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, leva consigo a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronteiras de acción”*.

O citado documento enumera as *“catro figuras”* que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- o envellecemento,
- a caída da natalidade e
- a perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A *“Comisión de despoboamento”* da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa

organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, estas Áreas veñen establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que estes sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2022.

5. Datos oficiais empregados

Para garantir o estricto cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

Dato	Rexistro oficial	Enlace	Data
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico das áreas urbanas de España do Ministerio do Interior	https://www.fomento.gob.es/recursos_mfom/comodin/recursos/listado_areas_urbanas_por_municipios_2018.pdf	Novembro de 2021
Poboación oficial	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=2885&L=0	Publicado: 30/12/2020
Variación da poboación (2011-2020)	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=2885&L=0	Publicado:30/11/2021. Elaboración propia a partir dos datos oficiais do INE
Superficie do termo municipal	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&paxina=000&c=-1&ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&M=&S=&RET=	2011
Densidade de poboación	INE/IGE	https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=2885&L=0/	Poboación INE 2020- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada cos datos do INE para poboación e do IGE para superficie
Índice de envellecemento	INE/IGE	https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=100&paxina=001&c=0201001002	Elaboración propia con datos de poboación de 2020 (publicados o 03/02/2021, que son os dispoñibles segmentados por idade e por concello)
Taxa de natalidade	IGE	https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&paxina=001&c=0201002001	Elaboración propia con datos de nacementos segundo sexo por concellos anos 2017-2018 e 2019 que son os definitivos a 23-11-2021

6. Clasificación inicial dos concellos da provincia de Ourense

a) Clasificación primaria dos concellos da provincia de Ourense.

1. Sen prioridade demográfica: estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “Atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2018” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
- Ter máis de 10.000 habitantes.
- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

2. Con prioridade demográfica: estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao Atlas estatístico e nos que concorran ademais, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

b) Clasificación Secundaria dos Concellos da Provincia de Ourense

Aqueles concellos que, na clasificación primaria, sexan considerados “*con prioridade demográfica*”, obterán un grao. Os grados son: **grao 1, grao 2 e grao 3**, onde o grado 1 será o de menor intensidade e o grado 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “*sen prioridade demográfica*”, obterán un **grao 0**.

7. Aplicación dos criterios para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos.

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia son os seguintes:

1.- Poboación.

Os concellos clasificaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2020.

2.- Situación xeográfica.

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “áreas urbanas” do Atlas estatístico das áreas urbanas.
- Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do Atlas estatístico das áreas urbanas.

3.- Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2011-2020.
- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2011-2020.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2011-2020.
- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2011-2020.
- Concellos que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2011-2020.

4.- Densidade demográfica municipal.

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km².
- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km².

5.- Índice de envellecemento.

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2020⁵-, e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

6.- Taxa de natalidade.

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2017, 2018, 2019⁶, en atención ao que os concellos se clasificarán en:

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

8. Clasificación dos concellos: sen / con prioridade demográfica e grao 0 / 1 / 2 / 3.

Aplicando os criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

5. Sen prioridade demográfica

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.

⁵ Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

⁶ Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

6. Con prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en grao en aplicación aos criterios seguintes:

Grao 1.

Serán considerado como grao 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en grao 1.

Para ser clasificado de grao 2 ou de grao 3, terán, ademais de ser considerados “con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do grao 2, ou do grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráse sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

Grao 2.

Concellos con prioridade demográfica, que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdesen entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km².
- Concellos de menos de 1000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750 .
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.

- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km².
- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

Grao 3.

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2011-2020 maior ao 20%.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km².
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2011-2020 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais se cumpre algunha das seguintes características:
 - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ou
 - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

ANEXO II:

Clasificación de concellos “prioridade demográfica

	Concello	Clasificación prioridade demográfica
1	Allariz	sen prioridade
2	Amoeiro	grao 1
3	Arnoia, A	grao 2
4	Avión	grao 2

5	Baltar	grao 2
6	Bande	grao 2
7	Baños de Molgas	grao 2
8	Barbadás	sen prioridade
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade
10	Beade	grao 3
11	Beariz	grao 3
12	Blancos, Os	grao 3
13	Boborás	grao 2
14	Bola, A	grao 2
15	Bolo, O	grao 3
16	Calvos de Randín	grao 3
17	Carballeda de Avia	grao 2
18	Carballeda de Valdeorras	grao 2
19	Carballiño, O	sen prioridade
20	Cartelle	grao 2
21	Castrelo de Miño	grao 2
22	Castrelo do Val	grao 3
23	Castro Caldelas	grao 2
24	Celanova	grao 1
25	Cenlle	grao 2
26	Chandreja de Queixa	grao 3
27	Coles	sen prioridade
28	Cortegada	grao 2
29	Cualedro	grao 2
30	Entrimo	grao 2
31	Esgos	grao 1
32	Gomesende	grao 3

33	Gudiña, A	grao 2
34	Irixo, O	grao 2
35	Larouco	grao 3
36	Laza	grao 2
37	Leiro	grao 2
38	Lobeira	grao 3
39	Lobios	grao 2
40	Maceda	grao 1
41	Manzaneda	grao 3
42	Maside	grao 1
43	Melón	grao 2
44	Merca, A	grao 1
45	Mezquita, A	grao 2
46	Montederramo	grao 3
47	Monterrei	grao 2
48	Muíños	grao 2
49	Nogueira de Ramuín	grao 2
50	Oímbra	grao 2
51	Ourense	sen prioridade
52	Paderne de Allariz	grao 1
53	Padrenda	grao 2
54	Parada de Sil	grao 3
55	Pereiro de Aguiar, O	sen prioridade
56	Peroxa, A	grao 2
57	Petín	grao 2
58	Piñor	grao 2
59	Pobra de Trives, A	grao 2
60	Pontedeva	grao 3

61	Porqueira	grao 3
62	Punxín	grao 3
63	Quintela de Leirado	grao 3
64	Rairiz de Veiga	grao 2
65	Ramirás	grao 2
66	Ribadavia	grao 1
67	Riós	grao 2
68	Rúa, A	grao 1
69	Rubiá	grao 2
70	San Amaro	grao 2
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade
72	San Cristovo de Cea	grao 2
73	San Xoán de Río	grao 3
74	Sandiás	grao 1
75	Sarreaus	grao 2
76	Taboadela	grao 2
77	Teixeira, A	grao 3
78	Toén	grao 1
79	Trasmiras	grao 2
80	Veiga, A	grao 3
81	Verea	grao 3
82	Verín	sen prioridade
83	Viana do Bolo	grao 2
84	Vilamarín	grao 1
85	Vilamartín de Valdeorras	grao 1
86	Vilar de Barrio	grao 2
87	Vilar de Santos	grao 2
88	Vilardevós	grao 2

89	Vilariño de Conso	grao 3
90	Xinzo de Limia	grao 1
91	Xunqueira de Ambía	grao 2
92	Xunqueira de Espadanedo	grao 2

Anexo III : Contías SAF básico 2022

	ENTIDADE LOCAL	CONTÍA TOTAL
1	Allariz	19.141,17
2	Amoeiro	9.302,02
3	Arnoia, A	6.181,65
4	Avión	8.264,94
5	Baltar	6.085,59
6	Bande	13.093,93
7	Baños de Molgas	7.597,96
8	Barbadás	17.313,14
9	Barco de Valdeorras, O	37.686,85
10	Begade	5.054,00
11	Beariz	6.662,44
12	Blancos, Os	6.072,31
13	Boborás	9.601,65
14	Bola, A	6.554,94
15	Bolo, O	6.333,07
16	Calvos de Randín	6.017,42
17	Carballeda de Avia	6.988,62
18	Carballeda de Valdeorras	7.614,43

19	Carballiño, O	38.951,09
20	Cartelle	10.606,24
21	Castrelo de Miño	7.178,01
22	Castrelo do Val	6.629,50
23	Castro Caldelas	11.211,01
24	Celanova	18.491,56
25	Cenlle	6.519,26
26	Chandrexa de Queixa	7.022,92
27	Coles	10.440,21
28	Cortegada	6.436,92
29	Cualedro	8.078,30
30	Entrimo	10.602,58
31	Esgos	6.027,50
32	Gomesende	5.959,78
33	Gudiña, A	11.415,95
34	Irixo, O	7.397,59
35	Larouco	5.144,57
36	Laza	6.856,87
37	Leiro	7.685,79
38	Lobeira	8.918,65
39	Lobios	14.246,74
40	Maceda	10.792,44
41	Manzaneda	9.398,99
42	Maside	10.435,62
43	Melón	6.672,97
44	Merca, A	8.248,03
45	Mezquita, A	9.987,75
46	Montederramo	8.476,74

47	Monterrei	10.416,85
48	Muíños	12.888,99
49	Nogueira de Ramuín	8.956,63
50	Oímbra	8.221,03
51	Ourense	0,00
52	Paderne de Allariz	6.765,84
53	Padrenda	8.086,53
54	Parada de Sil	7.496,85
55	Pereiro de Aguiar	19.429,37
56	Peroxa, A	8.468,06
57	Petín	5.830,32
58	Piñor	6.747,08
59	Pobra de Trives, A	16.398,65
60	Pontedeva	5.355,92
61	Porqueira	6.258,96
62	Punxín	5.943,31
63	Quintela de Leirado	5.729,21
64	Rairiz de Veiga	6.870,59
65	Ramirás	7.757,16
66	Ribadavia	16.756,85
67	Riós	7.510,13
68	Rúa, A	14.755,91
69	Rubiá	7.296,03
70	San Amaro	6.387,51
71	San Cibrao das Viñas	9.404,05
72	San Cristovo de Cea	9.233,85
73	San Xoán de Río	7.240,67
74	Sandiás	6.288,25

75	Sarreaus	6.642,78
76	Taboadela	7.389,36
77	Teixeira, A	6.017,42
78	Toén	6.229,24
79	Trasmiras	6.966,66
80	Veiga, A	6.352,28
81	Verea	6.503,24
82	Verín	38.101,86
83	Viana do Bolo	21.547,86
84	Vilamarín	8.083,34
85	Vilamartín de Valdeorras	7.973,55
86	Vilar de Barrio	7.021,56
87	Vilar de Santos	5.679,36
88	Vilardevós	8.446,10
89	Vilariño de Conso	7.355,95
90	Xinzo de Limia	29.451,47
91	Xunqueira de Ambía	7.271,33
92	Xunqueira de Espadanedo	5.561,33
		900.489,00 €

Anexo IV

Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

Don/Dona.....,
 NIF....., en nome propio, ou en representación da
 entidade....., con
 NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declara responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta:

Primeiro: que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo: que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

_____, _____ de _____ de _____

Asdo.:

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE AS IRREGULARIDADES NO REPARTO DE FONDOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE ENTRE ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA.-

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda de adición a esta moción e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Nesta intervención procede a explicar a iniciativa política do seu grupo, que trae causa no informe dun ente independente, o consello de contas de Galicia, que fiscaliza a xestión democrática e a xestión sen máis desta institución, na que sinala que as desigualdades e irregularidades na distribución de fondos públicos da Deputación de Ourense entre os municipios da provincia, son unha realidade constatada xa en varias ocasións por entes independentes como o Consello de Contas, máximo órgano fiscalizador das contas e da xestión económico-financeira do sector público galego. Un extenso informe conclúe que o procedemento máis empregado para repartir cartos entre as entidades locais foron as subvencións a dedo –o 84 %–, incumprindo así o estipulado na Lei xeral de subvencións, na que se determina que o procedemento ordinario debe ser a concorrència competitiva. O documento tamén denuncia que a contratación menor a dedo e sen publicidade é o procedemento de adxudicación máis habitual, superando o 80% do volume total. “Adxudicáronse por este procedemento absolutamente todos os contratos do plan provincial de cooperación ás obras e servizos cos municipios”, salienta. Contas vén de emitir un novo informe no que fiscaliza polo miúdo os criterios de distribución de recursos económicos entre os concellos da provincia a través dos plans provinciais e a eficiencia deste gasto público, no período comprendido entre 2003 e 2019. As conclusións son novamente demoledoras e amosan o agravamento das desigualdades e irregularidades ao longo dos últimos anos. Asegura este ente público que a deputación ourensá “debe garantir” que a actividade de fomento se desenvolva baixo os principios de “legalidade, eficiencia, eficacia, economía, transparencia e igualdade” e que os criterios de distribución “sexan obxectivos e equitativos”, algo que non está a suceder. Respecto da planificación critica a “dispersión” das liñas de axuda; a “ausencia” total dunha coordinación dos fondos; a “utilización recorrente” de convenios interadministrativos de carácter subvencional discrecional; “incoherencias” entre as necesidades reais de dotacións e as axudas achegadas aos concellos ou a ausencia da acreditación da sustentabilidade dos proxectos. En relación cos criterios de reparto estipulados pola Deputación, conclúe o informe que a distribución dos cartos “non consegue corrixir os desequilibrios territoriais, nin logra que redunde nos concellos de menor capacidade económica”, que deberían ser dous dos obxectivos principais destes instrumentos de cooperación. De feito, insiste en que “as comprobacións realizadas” amosan que “non

existe correlación entre a capacidade económica dos concellos e o importe da renda por habitante obtida” a través dos proxectos ou obras financiados mediante os fondos provinciais. Contas afonda en que o goberno da institución non elaborou unha normativa específica para os plans provinciais e, a pesar de que si aprobou un plan estratéxico de subvencións, este non contén nin os preceptivos indicadores de avaliación nin medidas correctoras. Os e as técnicos aseveran en numerosas ocasións que a falta dun plan único é un problema que supón “discrecionalidade” e “ineficiencia” no gasto público. A ausencia de criterios adicionais, máis aló da distribución lineal destes fondos mediante plans inconexos, supón un reparto “non equitativo”. Tamén destacan que se incumpre reiteradamente o deber de incorporar unha análise dos custos efectivos dos servizos municipais. Así mesmo evidencian a existencia das trabas impostas pola Deputación de Ourense para a contratación directa de obras por parte dos concellos, unha estratexia que lle permite ao goberno provincial, como acreditan outros informes, armar un sistema de contratacións masivas a dedo entre un mesmo grupo de empresas. De feito, nesta detallada análise, asegúrase que o goberno provincial no promove a concorrència competitiva porque “os procedementos de contratación empregados foron o negociado sen publicidade e a contratación menor, sen baixas na adxudicación do contrato”, o que pode supor unha “perda da eficiencia” deste precepto legal. Os expertos e expertas poñen o seu foco na concesión directa de subvencións – proceder que debería ser excepcional –, unha irregularidade que creceu exponencialmente ao longo dos últimos anos. Dos exercicios analizados advirten que representou o 30 % do importe das achegas da institución provincial en 2006; do 51 % no 2011; do 57 % no ano 2015 e do

76 % durante o exercicio de 2016. Explican ademais que o goberno provincial non xustifica individualizadamente o recorrente uso deste sistema, incumprindo as obrigas marcadas na lexislación vixente. A dispersión das axudas tamén é motivo de fonda crítica. “A aprobación dun plan que agrupe as distintas liñas implica un incremento nas achegas” e “permite aos municipios unha mellora na planificación e xestión dos fondos, que debe implicar maior eficiencia na xestión dos investimentos e tamén na propia tramitación administrativa”, advirte o informe. Para o Consello de Contas un “plan integrador” é un indicador claro de eficiencia na planificación, xestión de fondos, investimentos e tramitación administrativa, aspectos que cuestiona no reiterado obrar da Deputación de Ourense. Baseándose nos informes técnicos, resulta evidente que o reparto destes fondos

públicos sen criterios obxectivos e equitativos é unha práctica irregular, que retroalimenta redes clientelares e provoca desigualdades entre veciños e veciñas dunha mesma provincia en función da cor política dos seus gobernos locais. Este proceder, dirixido directamente desde a presidencia da Deputación de Ourense, está a crear unha veciñanza de primeira categoría e outra de segunda. En coherencia coas disposicións legislativas e coa democracia máis elemental, é de obrigado cumprimento que as deputacións aproben plans de cooperación cos municipios do seu territorio. A institución provincial, a través destes plans, debe garantir os principios de solidariedade, equidade e o equilibrio intermunicipal, así como a prestación integral e adecuada dos servizos municipais, ademais de participar na súa coordinación interadministrativa a todos os niveis. A planificación e distribución destes fondos debe fundamentarse en criterios obxectivos, equitativos e democráticos, baixo os principios de transparencia, boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional, tal e como insiste o Consello de Contas en todos os seus informes, algo que non está a suceder en Ourense. Os plans provinciais deben servir para corrixir desequilibrios territoriais, de tal forma que os municipios que se atopen en niveis de desenvolvemento máis baixos en canto a infraestruturas ou equipamentos, poidan ter recursos e medios para prestar servizos ou executar proxectos en igualdade de condicións. Isto tampouco está a acontecer en Ourense. Ademais, segundo o ente fiscalizador, estas situacións de discrecionalidade, descoordinación, falta de transparencia e desigualdades están a agravarse nos últimos anos. Estas decisións políticas discrecionais contrastan cos sistemas empregados polas outras tres deputacións galegas, tal e como detalla o Consello de Contas nos seus informes. Na Coruña, Lugo e Pontevedra contan, desde hai anos, cun sistema de distribución de fondos públicos unificado e equitativo, mediante o que canalizan as transferencias económicas aos concellos nun plan anual. Este plan, que pode sumar ata o 25 % dos recursos económicos, permite simplificar trámites administrativos; impulsar a equidade, democracia e os criterios ponderados, así como a supresión da discrecionalidade. Respecto aos criterios de reparto dos fondos, na Deputación de Ourense só se emprega o criterio de cota fixa, mentres que as restantes Deputacións de Galicia empregan outros criterios obxectivos e equitativos como son a poboación, o esforzo fiscal o número de parroquias ou de núcleos de poboación. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta as seguintes propostas de acordo: 1. Instar á Deputación Provincial de Ourense á aprobación dun plan que integre as distintas liñas de axudas ás entidades

locais, o que supoñería un incremento das contribucións e permitía aos municipios unha mellor planificación e xestión dos fondos, así como unha maior eficiencia na xestión dos investimentos e da propia tramitación administrativa dos expedientes. 2. Instar á Deputación Provincial de Ourense a aprobar unha regulación técnica específica para os plans provinciais de cooperación de obras ou servizos de competencia municipal e outros plans ou instrumentos específicos de asistencia e cooperación para a realización de investimentos, actividades e servizos municipais. 3. Instar á Deputación Provincial de Ourense a incorporar unha análise do custo dos servizos municipais nos criterios de reparto dos fondos públicos entre os concellos da provincia a través de plans provinciais, criterios que deberían ter en conta, entre outros, a poboación do municipio; o número de núcleos habitados; a superficie municipal ou o envellecemento dos habitantes empadroados. 4. Instar á Deputación Provincial de Ourense a incluír nos plans de obras e servizos todas as actuacións das entidades locais que respondan a este obxecto, aplicando o carácter absolutamente excepcional da formalización de convenios administrativos discrecionais, xustificando a elección desta opción en cada caso. 5. Instar á Deputación Provincial de Ourense a adoptar medidas que garantan que as axudas previstas nos plans provinciais permitan aos concellos con menor capacidade económica o impulso real das súas economías locais e da súa actividade administrativa, incluíndo mecanismos de comprobación dos resultados.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza sinalando que volvemos un mes máis e pleno tras pleno coa mesma moción do Grupo Socialista, que ven dicir “fai o que eu digo, pero non o que eu fago”, e que ela non se vai cansar de denunciar esta dobre vara de medir do Grupo Socialista. Así, por exemplo, cando a Deputación de Pontevedra lle concede unha importante subvención nominativa ao concello de Vigo, non fan ningún tipo de denuncia. Respecto ao reparto dos fondos públicos dos orzamentos xerais do Estado indica que estes se dedican na súa maioría a CCAA gobernadas polo propio PSOE ou polos seus socios de goberno, preguntando se isto non é un sistema caciquil a gran escala. Respecto da moción, pregunta porque na maioría dos concellos socialistas se está a contratar a dedo a unha empresa da que forma parte unha persoa do Grupo Socialista a nivel provincial, e logo critican as contratacións menores nesta Deputación, dando leccións de moralidade, cando fan exactamente o mesmo.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que esta moción xa se ten traído polos grupos da oposición neste pleno, e que o seu debate é moi necesario, xa que a xestión que se fai é moi deficiente, pero é certo que se fai porque a lexislación o permite, de aí que o grupo do BNG presente unha emenda de adición consistente en instar ao goberno do Estado español a establecer por lei que cando menos o 25 % dos fondos das Deputacións Provinciais deban ser repartidos entre os concellos da provincia correspondente con base en criterios obxectivos. Máis alá diso, indica que ogallá esta Deputación tivese o plan concellos como os que teñen nas deputacións da Coruña ou Pontevedra. Ademais recentemente cando o Grupo Popular está na oposición, propoñen algo similar, tal e como fixo na Deputación de Lugo, onde ao final saíu adiante un plan concellos similar. Un caso parecido é o do Partido Popular a nivel estatal, que se está a queixar amargamente do reparto dos fondos europeos. Volve insistir na necesidade de formalizar unha porcentaxe económica dos orzamentos provincias nun plan destinado aos concellos da provincia, sen prexuízo de que existan determinados proxectos estratéxicos que se poidan asignar de xeito nominativo. Prégalle ao grupo de goberno que non deixe caer en saco roto este tipo de debates, e que isto se materialice nun fondo destinado aos concellos con condicións de igualdade de trato para todos os concellos e veciños desta provincia.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Comeza indicando que se algún día o Partido Socialista goberna nesta Deputación, implantará o seu propio modelo de goberno e de xestión, pero que non é aceptable que pretenda impoñer o seu xeito de gobernar a este lexítimo goberno provincial, pretendendo dirixir ao goberno sen pasar previamente polas furnas. Insiste en que estamos diante dunha iniciativa que xa se debateu en multitude de ocasións neste pleno. Esta vez o Grupo Socialista emprega como coartada o informe do Consello de Contas, informe que por certo di moi clariño que “os criterios de reparto da Deputación de Ourense cumpren nos seus aspectos significativos coa normativa aplicable”. O que fai este informe é establecer unha serie de recomendacións e consellos que por certo, son idénticos para a as catro deputacións de Galicia. Deste xeito pasa a dar lectura a algunhas das conclusións deste informe do órgano fiscalizador respecto dos plans das outras deputacións, onde se sinala que o plan non consegue corrixir os desequilibrios territoriais nin logra que redunde nos concellos de menor capacidade económica. Sinala que o informe nas súas conclusións e recomendacións é practicamente igual, preguntando entón onde están os

beneficios do repetido plan único. Engade que, ao seu xuízo, o informe do Consello de Contas pode terse excedido das súas funcións de fiscalización. Engade por último que este informe só analiza a parte da xestión relativa ao plan de obras e de servizos, pero que nada di doutras importantes áreas da cooperación provincial como son a subscrición do convenio para o cofinanciamento dos GES, o consorcio provincial contra incendios e salvamento, o convenio para financiamento de maquinaria de medio rural, ou os diversos programas de cooperación, a xestión integral do ciclo da auga, o servizo de rega e baldeo, a asistencia con maquinaria provincial etcétera.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Nesta intervención comeza indicando que o Partido Popular parece que está atacando ao Consello de Contas, e que os seus propios criterios de análise os pon esta institución e non o Partido Popular, concluíndo que non se poderá negar que é un informe obxectivo. Neste sentido sinala que o informe deixa moi claro que seis aspectos da regulación da lei de bases de réxime local non se cumpren, e que moitos outros da lei de administración local de Galicia ou da lei efectiva para a igualdade entre mulleres e homes, tampouco se cumpren. Engade que van aceptar a emenda de adición do BNG. Insiste en que o informe deixa claro que estamos ante unha xestión ineficaz e ineficiente dos recursos públicos nesta Deputación, que se trata dun informe demoledor que sinala que non hai planificación, nin análise previa nin absolutamente nada. Por exemplo na Deputación de Pontevedra, coa chegada do Partido Socialista ao goberno, reducíronse as subvencións nominativas de forma considerable, ao contrario do que está a pasar nesta Deputación, onde cada ano se incrementan as subvencións nominativas. O consello de contas insiste nun plan integrador e non en plans dispersos como ten a Deputación de Ourense, e deixa clara a ausencia da Xunta de Galicia na coordinación destes plans. Remata indicando que o Partido Popular está en contra das recomendacións do consello de contas, é dicir, en contra da legalidade.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Sinala que o voceiro do Partido Socialista bota balóns fóra e non contesta a ningunha das súas preguntas. A continuación pasa a dar lectura aos recentes convenios subscritos pola CH do Miño-Sil con concellos da provincia, todos eles para financiar investimentos, e todos eles con gobernos socialistas como O Carballiño, Taboadela, Xinzo de Limia, Amoeiro, Barbadás ou Vilamartín de Valdeorras. Pregunta onde está o reparto xusto e equitativo da CH do Miño-Sil nesta provincia, e onde se coopera cos concellos gobernados por outros partidos que non sexan o propio PSOE.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que o Partido Popular comezou este mandato sen ter a maioría absoluta e que o grupo que apoia ao goberno, Democracia Ourense, tiña criticado con moito ímpeto o reparto que se fai dos fondos públicos nesta institución. Engade que todo isto tería unha solución moi doada se se actúa como pide a súa emenda de adición, de establecer por lei que cando menos o 25 % dos fondos da Deputación sexan repartidos entre os concellos con criterios obxectivos, e que esta sería a forma de acabar con este debate.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Comeza indicando que esta Deputación dedica moito máis do 25 % dos seus recursos aos concellos da provincia, e que disto non ten ningunha dúbida. Repite que non é o mesmo a provincia de Ourense, que as da Coruña, Pontevedra ou Lugo e que a virtude das deputacións está no seu coñecemento do territorio. A continuación lembra igualmente os convenios da CH con concellos da provincia gobernados polo PSOE ou a subvención directa concedida polo Goberno central ao concello de Vigo para luces LED, á que cualifica de cacicada. Seguidamente pasa a relatar moitos dos proxectos aprobados por outras administracións presentados por esta Deputación, moitos deles do goberno central, que recoñecen o traballo deste grupo de goberno. Remata indicando que o goberno provincial ten a súa folla de ruta do seu plan de mandato, e que aquí non hai lugar á improvisación.

- quenda de peche Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Nesta intervención sinala que agardaba máis nivel nas intervencións deste debate e que é lamentable o que se ten que escoitar aquí. Insiste en que se se comparan as porcentaxes que cada deputación provincial de Galicia dedica aos plans provinciais, a comparación non admite dúbida e deixa en moi mal lugar a esta institución. Indica que o voceiro do Grupo Popular está a atacar a unha institución independente como é o Consello de Contas. Como exemplo da xestión das subvencións le unha analizada no informe e concedida ao concello de Porqueira, onde se atopan irregularidades como a ausencia da dispoñibilidade de terreos, ou o non respecto dos principios de legalidade e eficiencia no expediente de contratación. Respecto ás alusións aos convenios da CH indica que non citan os convenios con concellos do Partido Popular, que si que os hai. Indica que todo o que se fai nesta Deputación é clientelar, sen ter en conta a opinión dos concellos e sen ter en conta a avaliación ou a planificación. Remata indicando que o Partido Popular vai votar en contra das recomendacións do propio Consello de Contas.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda de adición do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9, incluído o voto de don José Ignacio Gómez Pérez) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto de don César Manuel Fernández Gil), de DO (1), e da deputada non adscrita.

A continuación sométese a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9, incluído o voto de don José Ignacio Gómez Pérez) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto de don César Manuel Fernández Gil), de DO (1), e da deputada non adscrita.

9º.- MOCIÓN DO BNG A PROL DA CORRECCIÓN DO DEFICIENTE FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS GALEGOS E SIGULARMENTE OS DA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Procede a dar lectura á iniciativa política do seu grupo, na que expón que en primeiro lugar, compre afirmar con claridade e absoluta certeza que os concellos galegos teñen un financiamento insuficiente e discriminatorio dentro do Estado español. De feito os concellos galegos levan anos soportando un enorme déficit de financiamento. Os datos mostran que cada concello galego recibe 50 euros menos por habitante que a media estatal para o financiamento de servizos municipais, o que significa que os municipios galegos perderon 2.200 millóns de euros desde a entrada en vigor do actual sistema o 1 de xaneiro de 2004. Unha discriminación que afecta ás cidades, cunha media de 252,7 euros por habitante no exercicio 2020 fronte os 499,63 euros de media das grandes cidades do estado que superan os 500.000 habitantes, - Barcelona, Madrid, Málaga, Sevilla, Valencia e Zaragoza. Por que Almeida ten 247 euros máis por habitante que Lores ou Jácome? Por que os concellos galegos son dos peor financiados do Estado e teñen que asumir moitas competencias que non lle corresponden en educación, escolas infantís, centros de día, benestar social, sanidade, ciclo da auga, etcétera?. Porén

aínda é máis bochornoso, se cabe, e é que a maioría das corporacións da nosa provincia non acaden nin 200€ por habitante/ano, procedentes dos fondos comúns do Estado para dotar de servizos e infraestruturas aos seus veciños. E logo éncheselle a boca dos que falan desde a Corte de Madrid da “España Despoblada”, cando non fan máis que traballar para que isto sexa así. Temos logo que as entidades locais de máis de 75.000 habitantes se rexen polo Réxime de Cesión que certamente favorece ás cidades e deputacións. O que na nosa provincia fai que dos 148 millóns recibidos no 2021, 31,4 millóns foran para o concello de Ourense e 75,7 millóns para a Deputación, quedando 41,1 millóns para o resto dos concellos e os seus 200.000 habitantes. E en 2022 está previsto que a cantidade para a Deputación de Ourense sexa de 85,9 millóns e para o concello capitalino de 35,6 (entre as dúas institucións 120,5 millóns de euros). Mentres os 91 concellos da provincia de menos de 75.000 habitantes se repartirán entre todos 45,7 millóns de euros, 4,6 por enriba do ano pasado. E non queremos dicir con isto que a Deputación de Ourense e o concello de Ourense estean sobrefinanciados, senón que expoñemos este dato como unha mostra do infrafinanciamento que afecta aos pequenos concellos. Xa que este déficit o sofre o propio concello de Ourense fronte outras cidades máis poboadas do Estado. Esta situación esperpéntica pódese observar incluso dentro dos concellos do Réxime Xeral (menos de 75.000 habitantes), onde os de menos de 5.000 habitantes parten dun factor de ponderación 1; os de 5 a 20mil, de 1,17; os de 20 a 50 de 1,3 e os de máis de 50 mil, 1,4. É dicir, que mentres concellos como Oímbra ou A Mezquita disporán dun euro por veciño, dispersos en múltiples pobos; en Benidorm ou Torremolinos, por poñer tamén dous exemplos, recibirán esa cantidade incrementada nun 40%, tendo un único núcleo ao ter que dotar de auga, saneamento, iluminación pública, estradas, recollida de lixo, etcétera. Por certo, ademais Benidorm recibirá unha gratificación por ser concello turístico que ningún concello desta provincia poderá obter por moi turístico que sexa ao non acadar os 20.000 habitantes. Un exemplo, Allariz (seica os turistas só dan gasto onde vive moita xente, onde somos menos as cousas xa se manteñen soas). Insisto!, logo todos a encher a boca coa “España baleirada”. Non sabemos se a alcaldesa do concello de Oímbra está de acordo cun sistema que reducirá para o ano os fondos que recibe do Estado; porén sabemos, porque así nolo trasladou, que o alcalde da Mezquita este sistema moi ben non lle parece. Só hai un cualificativo e é o de estafa á

veciñanza dos pequenos concellos de todo o Estado español e singularmente aos dos concellos galegos, que evidentemente teñen un sobrecusto evidente nos seus servizos e infraestruturas pola dispersión poboacional. Lembrar, por se alguén non se decatara, que duns 70000 núcleos de poboación situados no Estado máis da metade atópanse no noso País. En concreto, o 58,6 % de todos os núcleos de poboación do Estado español son galegos. A COVID veu evidenciar esta situación de modo moito máis claro: os concellos tiveron que asumir, por responsabilidade coa sociedade, actuacións que non lle correspondían. Desde medidas sanitarias, á desinfección de centros escolares, desde a atención de emerxencias, ata axudas a sectores afectados pola crise ou medidas de seguridade e control da crise, sen recibir recursos extra para facerlles fronte a eses gastos extraordinarios. O BNG leva anos demandando un cambio en profundidade do sistema competencial e de financiamento local adaptado as características e necesidades da realidade galega (dispersión poboacional, crise demográfica...). Este sistema de financiamento debe ser ademais ecuánime e transparente, coñecendo os concellos con que ingresos van contar para poder facerlles fronte ás súas obrigas e poder planificar e decidir adecuadamente en que investir os seus recursos. Nesa liña temos dado pasos adiante con firmeza nas deputacións. Así as deputacións nas que o BNG forma parte do goberno (A Coruña, Pontevedra e Lugo) son deputacións que puxeron punto final ao caciquismo de épocas anteriores e que actúan con transparencia, seguridade e igualdade no reparto de fondos entre os concellos. Isto conséguese grazas á fórmula de Plan Concellos/Plan Único. A Xunta de Galiza trasladou aos orzamentos as previsións de fondos que recibirán os concellos para o vindeiro ano, que serán 488,5 millón de euros. Un ano máis a maioría dos fondos destinados aos concellos pola Xunta teñen carácter discrecional (72,2%) e un ano máis manteñen as cifras de anos anteriores, sen ter en conta as necesidades reais dos concellos e incluso as múltiples competencias impropias ás que teñen que facer fronte polo propio deixamento de funcións do Goberno do Sr. Feijoo, a pesar dos compromisos asinados coa FEGAMP para eliminar esta situación de gasto indebido, cando menos no mantemento e persoal de centros médicos e colexios. Naqueles concellos nos que se votou ben, seguindo a doutrina da convención do PP, terán máis recursos. Mentres que aqueles concellos nos que non se votou ben, é dicir, aqueles nos que non goberna o PP, terán menos recursos. Estamos ante unha práctica

antidemocrática, que non se pode manter no tempo. E chegamos a última gran andromenada, os Fondos Next Generation. Onde as comunidades autónomas e grandes cidades en moitos casos van ter acceso directo a estes cun reparto nominal, mentres os concellos pequenos se van ver inmersos en procesos de concorrencia, en moitos casos para a consecución de pírricas porcentaxes de axudas e con serias sospeitas da xustiza e equidade na forma de distribución das axudas por parte do goberno do Estado español. Sen esquecer que os que máis ou menos xa teñen o peto feito son as grandes empresas, namentres os autónomos e empresas pequenas e medianas aínda non saben por onde vai ir o vento a favor, sospeitando que en moitos casos non merecerá izar a vela, xa que o peixe estará vendido sequera antes de saír faenar. Preguntámonos como vai poder competir en concorrencia un concello pequeno coas grandes concentracións urbanas, á hora de poñer enriba da mesa cofinanciamento. Tamén nos preguntamos como logo de estar inmersos nesta pandemia abafante, aínda se segue a apostar pola concentración das persoas, no lugar de favorecer a recuperación dos pobos e vilas que están a devercer. Cando se algunha ensinanza debemos sacar desta crise ademais da importancia dunha Sanidade Pública forte é a maior capacidade de resiliencia dos lugares menos masificados. E por todo o anteriormente sinalado trasladamos as seguintes propostas ao pleno da Deputación Ourense: 1. Instar ao Parlamento de Galiza á elaboración dunha lei no Parlamento Galego, consensuada coa FEGAMP, de regulación da participación nos ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos, na que se clarifique a participación anual e os criterios de reparto. 2. Solicitar á Xunta de Galiza un plan para os concellos, e para iso: integrar no Fondo de Cooperación Local todas as axudas e subvencións anuais que o goberno galego destina ás entidades locais, para maior respecto á autonomía financeira e á suficiencia local, crear un fondo anual de infraestruturas destinado ás entidades locais formado por aquelas transferencias de capital que a Xunta destina aos concellos a través de convenios e subvencións, activar un instrumento de transparencia que permita a visualización, anual e na serie histórica, das transferencias da Xunta ás entidades locais, e establecer medidas de reparto equilibrado das dotacións anuais recibidas por cada unha delas. 3. Esixir ao Parlamento do Estado español a reformulación dos criterios de distribución dos fondos dedicados ás entidades locais, establecendo un criterio que reverta a actual

situación, cunha fórmula que favoreza á poboación dos municipios con menor número de habitantes. En definitiva, que se Madrid ten unha ponderación de 1 por veciño, A Teixeira teña 1,5; Verín 1,4 e Ourense 1,3 facendo unha proposta construtiva. E que estes criterios de distribución teñan en conta a dispersión poboacional que incrementa substancialmente o custe dos servizos, en función do número de núcleos habitados. 4. Instar ao goberno do Estado español a que estableza que os Fondos Next Generation permitan o acceso directo aos concellos de menos de 50.000 habitantes, cun orzamento mínimo por concello e marcando claramente as liñas de actuación, de xeito que se impida un mal uso por parte das administracións locais.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Sinala que comparte moitas das inqedanzas desta moción e que vai votar a favor dela, xa que estamos ante unha moción completa e que comparte a súa preocupación polo reparto que faga o Estado dos fondos Next Generation.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Igualmente sinala que votarán a favor da moción, e que comparten as inqedanzas sobre a transparencia no reparto dos fondos Next Generation que vai facer o Estado, e que estarán moi atentos a isto.

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que estamos ante un momento clave no que os concellos debemos reclamar un financiamento xusto de acordo co marco competencial que se nos impón, e que garantan o principio constitucional de suficiencia financeira dos concellos. Estamos ante un ano clave no financiamento local e das institucións territoriais no seu conxunto. Desde o Grupo Socialista provincial insístese en que as diferentes administracións deben estar na mesma mesa de negociación de tal forma que os procesos do novo marco de financiamento autonómico e local se produzan de forma simultánea. Deben terse claros cales son os servizos que debe prestar cada administración e o seu financiamento con criterios de eficacia, eficiencia, transparencia e solidariedade, é dicir, determinar con claridade quen fai o que, e a que custo. Engade que se fai necesario reflexionar sobre o modelo dual de financiamento local e nun marco que garanta a igualdade entre a veciñanza. Faise moi necesaria unha correcta definición das competencias locais e municipais e de instrumentos de financiamento axeitados. Comparte a reflexión que se fai na moción sobre o infrafinanciamento dos concellos galegos e da provincia de Ourense, se ben sinala que hai que ir máis alá e insiste en denunciar que a Xunta de Galicia está a descargar moitas competencias impropias nos propios concellos, con multitude de subvencións

finalistas e con cofinanciamento municipal, e cando non se conta cun financiamento suficiente por parte desta Deputación. Remata indicando que o seu grupo vai apoiar esta moción.

- 1ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Comeza indicando que o voto do Grupo Popular vai ser favorable a esta moción, xa que concordan coas propostas de acordo e coas liñas xerais do seu argumento, se ben quere facer algunha puntualización ao texto. Así, pregunta porque razón o BNG, que foi decisivo para o goberno do Partido Socialista en Madrid, non presiona agora para un reparto xusto de fondos e para unha mellora no financiamento local por parte do Estado, que discrimina aos concellos galegos e particularmente aos da provincia de Ourense. Sinala que o fondo de cooperación local da Xunta de Galicia ten uns criterios de reparto xustos e sobre os que non existen discrepancias, pero o marco de financiamento estatal non contén criterios tan importantes para Galicia e para Ourense como o demográfico ou a dispersión poboacional. Manifesta estar totalmente de acordo coa reflexión que se fai sobre os Fondos Next Generation, e indica que resulta moi importante que se teñan en conta aos concellos de menos de 50.000 habitantes para estes fondos e na súa execución. Sinala que o reparto de fondos do Estado xera moitas incertezas e que leva a incongruencias como que por exemplo, o concello de Oimbra ou o da Mezquita, teñan que incrementar a cota do IBI para non ver reducida a cantidade que perciben do Estado. Remata reiterando o voto favorable do Grupo Popular a esta moción.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que lle alegra moito o acordo unánime nesta moción xa que se trata dun asunto de moita importancia para os nosos concellos e a nosa veciñanza. Sinala que a todos os políticos que toman as decisións en Madrid se lles enche a boca falando da España baleirada, pero esa preocupación non ten reflexo nos orzamentos e no financiamento que se lles atribúe aos concellos, especialmente aos menos poboados. Neste sentido, sinala que a Xunta de Galicia e o Estado lles atribúen continuamente competencias impropias aos concellos sen o preceptivo financiamento, cuestión que ten que mudar para garantir a suficiencia financeira dos concellos. Estas propostas de acordo deben trasladárselles ao Parlamento Galego e ao de Madrid, xa que estamos ante unha cuestión e un asunto transcendente para o noso futuro.

- 2ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que é curioso que o Partido Popular cando os fondos veñen doutras administracións reclame un reparto xusto e equitativo dos fondos, pero non fai o mesmo cando se trata de repartir os fondos desde esta Deputación. Sinala que deben ser cousas da política. Seguidamente reflexiona sobre a obriga

dos concellos de ter que aboar o IVE, cando os concellos non son finalistas. Remata indicando que as reivindicacións da moción son totalmente xustas e deben ser tidas en conta no debate estatal e autonómico para que se introduzan criterios que teñan en conta aos concellos de Galicia e Ourense e as súas peculiaridades.

- 2ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Intervén para manifestar que é responsabilidade do goberno central garantir a suficiencia financeira dos concellos como base da autonomía local, e que o que non é da competencia municipal si é de incumbencia municipal, polo que é moi necesario mudar o sistema de financiamento.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): Expresa a súa satisfacción porque todos os grupos traten de ser parte para buscar a solución a este tema tan transcendente, e que para garantir unha axeitada prestación dos servizos debe mudarse o sistema de financiamento e que este teña en conta o custo dos servizos con criterios como a dispersión poboacional ou a orografía do territorio. Comparte igualmente a reflexión sobre o pago do IVE que teñen que facer os concellos cando realmente non debería ser así, xa que os concellos non poden repercutir o IVE. Remata indicando que a Xunta de Galicia debe tamén mudar os seus criterios de reparto que levan invariables moitos anos. A FEMP deixa bastante que desexar a nivel de negociación co Estado e que as grandes cidades fan forza para o seu e que a realidade dos restantes concellos debe ser tida en conta. Remata indicando que agarda que este asunto teña percorrido e debate nos parlamentos estatal e autonómico.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#).

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar ao Parlamento de Galiza para a elaboración dunha lei no Parlamento Galego, consensuada coa FEGAMP, de regulación da participación nos ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos, na que se clarifique a participación anual e os criterios de reparto.

2. Solicitalle á Xunta de Galiza un plan para os concellos, e para iso:

a. Integrar no Fondo de Cooperación Local todas as axudas e subvencións anuais que o goberno galego destina ás entidades locais, para maior respecto á autonomía financeira e á suficiencia local.

b. Crear un fondo anual de infraestructuras destinado ás entidades locais formado por aquelas transferencias de capital que a Xunta destina aos concellos a través de convenios e subvencións.

c. Activar un instrumento de transparencia que permita a visualización, anual e na serie histórica, das transferencias da Xunta ás entidades locais, e establecer medidas de reparto equilibrado das dotacións anuais recibidas por cada unha delas.

3. Esixirlle ao Parlamento do Estado español a reformulación dos criterios de distribución dos Fondos dedicados ás entidades locais, establecendo un criterio que reverta a actual situación, cunha fórmula que favoreza á poboación dos municipios con menor número de habitantes. En definitiva, que se Madrid ten unha ponderación de 1 por veciño, A Teixeira teña 1,5; Verín 1,4 e Ourense 1,3 facendo unha proposta construtiva. E que estes criterios de distribución teñan en conta a dispersión poboacional que incrementa substancialmente o custo dos servizos, en función do número de núcleos habitados.

4. Instar ao goberno do Estado español a que estableza que os Fondos Next Generation permitan o acceso directo aos concellos de menos de 50.000 habitantes, cun orzamento mínimo por concello e marcando claramente as liñas de actuación, de xeito que se impida un mal uso por parte das administracións locais.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A REFORMA LABORAL PARA A CREACIÓN DE EMPREGO ESTABLE E DE CALIDADE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que a creación de emprego estable e de calidade supón un elemento fundamental no desenvolvemento e avance da economía de calquera país, tamén en España, onde actualmente traballan máis de vinte millóns de persoas, unha cifra histórica. O emprego é un pilar clave no benestar dunha sociedade como a española e permite o crecemento da cidadanía e, por tanto, impulsa a actividade económica a todos os niveis. En tan só un ano e medio, España logrou recuperar os niveis de afiliación á Seguridade Social previos á pandemia da Covid-19. Nunca contamos con tantas mulleres afiliadas nin se encadearon dez meses consecutivos de redución do paro, en especial o paro xuvenil cunha caída de preto do 40% ao longo do último ano. Créase emprego en todos os sectores económicos e de forma importante en sectores económicos de alto valor engadido. Nese sentido, a reforma laboral acordada entre o goberno e todos os axentes sociais, un acordo ambicioso, é a mellor ferramenta para seguir consolidando un marco de creación de emprego que atalle

os dous principais males do noso mercado de traballo: a precariedade e o alto desemprego. No noso caso concreto, Ourense pechou 2021 con 17.046 desempregados e desempregadas, o que supón unha avultada redución de 4.172 persoas. Por iso, a nova reforma laboral penalizará a contratación de baixa duración e incentivará a contratación indefinida e o emprego estable. Esta reforma laboral tamén aposta por potenciar a contratación indefinida fronte a temporalidade e reducirá o número de tipo de contratos, xeneralizando o contrato indefinido, que limita a contratación temporal a un máximo de tres meses por ano, e fomenta o contrato fixo discontinuo. Así mesmo, o novo marco laboral impulsado polo goberno central co acordo de todos os axentes sociais recupera a negociación colectiva, situándoa no corazón do novo modelo de relacións laborais, aumentando os dereitos dos empregados. Ademais, refórzase a negociación colectiva ao recuperar a ultraactividade indefinida, xa que os convenios se prorrogarán ata que sexan substituídos por outros novos sen límite temporal. Tamén se incrementan as sancións por contratación irregular e impulsárase a formación dos traballadores e traballadoras. A todo iso, súmase a regulación dun novo instrumento, o Mecanismo ‘REDE’ de Flexibilidade e Estabilización do Emprego como alternativa ao despedimento e como forma de flexibilidade interna das empresas. Impediranse, ademais, os ERE (expedientes de regulación de emprego) nas administracións públicas. En definitiva, trátase de crear un marco laboral do século XXI que permita reducir a temporalidade no traballo, reforzar a creación de emprego de calidade e ofrecerlles seguridade xurídica ás empresas e, ao mesmo tempo, cumprir cun compromiso adquirido coa Comisión Europea para lograr o seu aval e comezar a recibir os primeiros fondos públicos comunitarios no marco do plan impulsado pola Unión Europea para a recuperación económica e social trala pandemia, como xa sucedeu. Por todo o exposto, o Grupo Socialista presenta a seguinte proposta de acordo: 1. Instar á Deputación Provincial de Ourense a apoiar a reforma laboral acordada entre os representantes dos empresarios e os traballadores e traballadoras, para impulsar a creación de emprego estable e de calidade para atallar a precariedade e o desemprego no noso país. 2. Instar a Deputación Provincial de Ourense a contribuír co seu apoio a potenciar a contratación indefinida fronte á temporalidade a través do contrato indefinido e do fomento do contrato fixo discontinuo, así como apoiar a recuperación da negociación colectiva para aumentar os dereitos dos empregados e empregadas, que permita restablecer o equilibrio entre empresarios, empresarias e asalariados e asalariadas. 3. Instar a

Deputación Provincial de Ourense a referendar co seu apoio o acordo alcanzado, a aposta pola ultraactividade indefinida e a formación dos traballadores e traballadoras como forma de crear un marco laboral adaptado ás necesidades do século XXI. 4. Instar a Deputación Provincial de Ourense a defender o diálogo como ferramenta para alcanzar acordos como o logrado cos axentes sociais ao redor da reforma laboral, por encima de ideoloxías e que permiten avanzar cara a unha recuperación xusta para que España siga crescendo.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Toma a palabra para dirixirse ao deputado Rodríguez Villarino sobre a súa afirmación de que nas intervencións dos outros grupos había “pouco nivel”, indicando que evidentemente non todos teñen o seu nivel económico, xa que cobra da Universidade, da Deputación e do Concello. Pide que explique porque os concellos socialistas contratan á mesma empresa, porque a Ch da subvencións millonarias a concellos socialistas ou porque dan contratos menores que logo critican na Deputación. Sobre a moción sinala que non se deba debater nesta Deputación, pero que esta reforma laboral deixa moito que desexar e pono seu foco na temporalidade dos contratos. Na súa opinión estamos ante unha reforma laboral errada, xa que España en moitos aspectos non se pode comparar con outros países, e que esta reforma insiste en gravar ás empresas, especialmente ás pemes, que son as que crean dous de cada tres empregos no noso país. A solución debe estar en incentivar, non en gravar.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza preguntando cal é a realidade do emprego que se crea e a súa calidade. Sinala que non hai forma de casar o que dicía a ministra de Traballo na oposición, co que di agora que está no goberno, e que lle vale esta “reformiña”, por cualificala dalgún xeito. Engade que esta reforma non muda entre outras cuestións, as facilidades para o despedimento, o abaratamento do despido, a eliminación dos salarios de tramitación nos supostos de despidos improcedentes, as facultades das empresas para as modificacións das condicións de traballo ou a prevalencia dos convenios colectivos de ámbito estatal sobre os galegos ou provinciais. Pola contra esta reformiña laboral si muda os tipos de contratos, a recuperación da ultraactividade dos convenios colectivos e a prevalencia dos convenios de sector tan só no referente aos salarios. Engade que o BNG vai moito máis alá, e entende que deben revertirse as facilidades para o despedimento, recuperar indemnizacións a 45 días, garantir que as modalidades de contratación erradiquen a temporalidade e a precariedade, recuperar autorización administrativa previa para despedimentos colectivos,

prevalencia de convenios autonómicos e provinciais, entre outras medidas. É dicir, o BNG pide derrogar a reforma laboral do Partido Popular de 2012, tal e como prometeran o Partido Socialista e Unidas Podemos. Ademais, na tramitación desta reforma non se debateu no seo do Consello Económico e Social, que é o órgano do que se dotou o Estado para este tipo de negociacións de diálogo social. Remata indicando que o que dicían tanto o Partido Socialista como Unidas Podemos trala reforma laboral do ano 2021, nada ten que ver coa reforma que veñen de propoñer e aprobar.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza indicando que se vai saír un momento da orde do día fixada para retomar un debate anterior, e indícalle ao deputado Rodríguez Villarino que na súa referencia a que a DPO só dedica un 6 % ao plan de obras e servizos, debe incluír tamén os outros programas de cooperación desta Deputación, que si é certo que hai concellos do Partido Popular que teñen convenios cos CH, pero que todos eles son anteriores á chegada do goberno socialista a Madrid e á CH e pídelles que non menosprece aos cidadáns da provincia con afirmacións que dan por seguro un cambio de goberno, pedíndolle que espere a 2023 e que lle fale á cidadanía nas vindeiras eleccións. Sobre a moción comeza indicando que tampouco lle parece que este foro sexa axeitado para tratar esta moción. Sobre a moción do Grupo Socialista e as súas afirmacións sobre a “espectacular” creación de emprego deste derradeiro ano e medio, indica que non fai máis que recoñecer que a reforma laboral do Partido Popular do ano 2012, funciona e crea emprego. Os ERTES se amosaron como un importante instrumento e se facilitou a creación e recuperación de emprego. A proposta agora aprobada non reforma nin o 10 % do texto do Partido Popular, e simplemente se trata dunha contrareforma que impón restricións e rixidez ao mercado laboral, polo que van votar non a esta moción do Grupo Socialista. O que se pretende a contrareforma é encarecer os custos ás empresas e que vai producir unha redución da competitividade e por ende da contratación laboral. Conclúe indicando que estamos diante dunha operación de maquillaxe do goberno socialista de Madrid e que o que fai é empeorar o que xa funciona.

- intervención por alusións Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Indícalle ao deputado popular Plácido Álvarez que claro que hai que sumar os restantes programas de cooperación desta Deputación, e que precisamente iso é o que di o Consello de Contas, que fagamos un plan integral, e que os programas europeos que financian proxectos coa CH non financian só a concellos do Partido Popular, senón tamén outros investimentos.

- 2ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que parece que para algúns grupos a reforma tiña que ter ido máis alá, e para outros parece que non tiña que tocarse nada, pero que este precisamente é o prezo do consenso e de ter que renunciar a algunhas das pretensións iniciais para conseguilo. Engade que este texto conta co apoio expreso de patronal e sindicatos e se trata dun texto que seguramente se vai manter moitos anos no tempo. No que atinxe aos concellos esta norma ponlles deberes ás entidades locais que se van ter que adaptar, e que sería o momento de falar das competencias impropias que a Xunta de Galicia se nega a afrontar como son os servizos de limpeza en centros educativos, SAF, GES e outros. Remarca a importancia da formación dual para a nosa provincia como xeito de fixar poboación, en especial xuventude, e de permitir que queden no noso territorio. Remata indicando que estamos diante dunha boa reforma e que durará no tempo.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): En referencia ao consenso ao que aludiu o voceiro socialista pregunta porque razón entón non se tratou esta reforma no Consello Económico e Social, que é o órgano creado para este tipo de negociacións, e que resulta moi rechamante que se monte unha mesa de negociación ad hoc. Indica que o seu voto vai ser non, que se trata dun voto pensado, meditado e claro e que se trata de manter a mesma postura que xa mantiña o BNG.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que está claro que estamos diante dun acordo de intereses puramente políticos e para tratar de poñerse unha medalla. Entende que o impacto desta reforma nas empresas vai ser negativo, xa que van ver reducida a súa competitividade e a súa capacidade de contratación, e que ademais vai ter un importante impacto no sector público. Deste xeito existe unha fonda preocupación nos gobernos municipais sobre o xeito de facerlles fronte a contratacións laborais, trala supresión dos contratos de obra ou servizo determinado, agardando que tanto a FEMP como a FEGAMP atendan ás preocupacións municipais que ocasiona esta reforma. Remata indicando que o Grupo Popular non vai apoiar esta moción e que o grupo de goberno xa traballa coa previsión da súa convalidación no Congreso, e desde as áreas de Secretaría, Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios se está a traballar nun ditame para dar resposta, na medida do posible, ás moitas dúbidas que existen sobre a súa aplicación ás EELL.

- quenda de peche Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que esta reforma ven apoiada por UGT, por CCOO, por CEPIME e polos autónomos, polo que non semella ser un mero acordo de intereses políticos, senón todo o contrario. Para rematar lembra a importancia

do diálogo e da humildade para chegar ao consenso, que parece que non destaca nesta institución como acabamos de ver co asunto da privatización do servizo de recollida de RSU e pídelle ao presidente que entenda a importancia desta norma para conseguir progreso, xustiza e paz social.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9, incluído o voto de don José Ignacio Gómez Pérez), e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto de don César Manuel Fernández Gil), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

11º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

12º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos do mes de decembro de 2021.

Os membros da Corporación quedan informados.

13º.- ROGOS E PREGUNTAS:

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Formula a seguinte pregunta. Desde o ano 2019 a estación de montaña de Manzaneda conta cun sistema de innivación artificial previsto para innivar 123.720 m² de terreo (3,20 km de pistas esquiabiles). Un sistema que custou 5,5 millóns de euros, composto por 29 canóns, 2 aparellos para fabricar neve por debaixo de 15 grados e 2 balsas con capacidade para 38.000 m³ de auga. Logo do peche por mor da pandemia, a finais de 2020 adxudicóuselle directamente a xestión das instalacións a Artabria Turismo. Durante varias semanas de decembro do ano 2020 e de xaneiro de 2021, coa estación chea de neve, esta permaneceu pechada. En plena pandemia, con restricións perimetrais en todas as grandes cidades e vilas de Galicia e coa hostalería tamén pechada, na fin de semana do 16 e 17 de xaneiro do 2021,

reabríanse as pistas de esquí. Nunhas condicións tan extremas, a Estación recibiu a preto de 2000 esquiadores. O sistema de innivación ía supor un antes e un despois para a estación, e así se xustificou o investimento: “a instalación dos novos equipos permitirá aumentar, cando menos en 120 días, a media anual de xornadas con neve da estación de montaña “. No ano 2021 a apertura reduciuse a 2 xornadas. Segundo o proxecto técnico de implantación do sistema de innivación, en 60 horas de funcionamento, a unha temperatura de -3°C de bulbo húmido, obteríase un manto de neve de 50 cm de espesura. Na páxina web www.manzaneda.info, analizaron os datos históricos dezminutais de temperaturas e humidades na Estación de Manzaneda entre os días 10 e 24 deste mes de xaneiro de 2022. A conclusión á que chegaron e que se podía producir neve a unha temperatura de bulbo húmido de -3°C durante 102 horas. Máis que suficientes para innivar artificialmente a totalidade das pistas. Aínda que nesta tempada as nevadas foron escasas e de pouca duración, nunhas condicións de temperaturas e humidades parecidas ás de Manzaneda atópanse as estacións da Covatilla, na Serra de Bejar, en Salamanca, aberta e con 700 m de pistas funcionando, Leitariegos, en León, aberta e con 1,78 km de pistas funcionando, e a Serra da Estrela en Portugal, tamén aberta e con 800 m de pistas funcionando. Todas elas están producindo neve artificial, e todas elas teñen abertas as pistas para debutantes. Nesta tempada os canóns de Manzaneda aínda non innivaron ningunha pista da Estación. Hai uns días rematou o prazo para que máis de 700 nenos e nenas se anotaran ao programa EsquiOU. Moitos deles non van pisar a neve. Manzaneda é un motor para unha boa parte desta provincia. Se as pistas de esquí están abertas a afluencia de usuarios é masiva, e non só se beneficia a propia estación, senón que se benefician as comarcas lindeiras: contratacións de persoal, restauración, hostalería, comercio, tendas, estacións de servizo... etcétera ¿ Por qué non se estivo producindo neve artificial en Manzaneda cando, segundo os datos de Meteogalicia, as condicións climatolóxicas parece que eran as axeitadas? ¿ Está o sistema de innivación artificial en condicións de producir neve ao 100% da súa capacidade ou hai algún problema técnico para poñer en marcha a instalación?.

A Presidencia contesta dando lectura ao informe remitido polos responsables da xestión de MEISA, e no que se sinala que: *en resposta las condiciones climatológicas de Manzaneda*

según Meteogalicia son genéricas y marca en un punto solamente y en el punto mas alto, el sistema de innivación de Manzaneda cada cañon tiene su propio sistema de medición de bulbo húmedo y en ningún caso en ningún cañon de los 29 que hay instalados ha permitido producir nieve con la suficiente garantía para poder garantizar la innivación de ninguna de las pistas de la estación, por bajas temperaturas seria posible pero con la humedad relativa que sufrimos por el emplazamiento no se dieron, además que el sistema es un apoyo a la predicción de nevadas que lamentablemente no se han dado este año. Analizando los cañones del Seixo (3 en concreto) que es la parte mas alta, y la pista de debutantes que tenemos en la estación, nos dan unas horas de posible innivación, y no en días consecutivos, si no alternos, concretamente 6 horas y esto no es que en esas 6 horas podamos producir la nieve en optimas condiciones ya que la temperatura va cambiando y la humedad también. Cada cañon a máximo rendimiento gasta 20 m³ a la hora de agua, que esto traducido en producción de nieve es un 75% de nieve que quedaría en pista totalmente desnuda de manto, y que luego se tendría que trabajar, ya que el espesor inicial no es el espesor que quedaría para la apertura de la pista. Ya que para poder abrir las pistas con total seguridad para los usuarios, tenemos que trabajarlas por las pisapistas que lo que hacen, es compactar el manto y adecuarlo para poder deslizarse con toda la seguridad, y esto hace que dicho espesor baje sobre un 30%-40% según tengamos la calidad de la nieve artificial que no es igual que la nieve producida naturalmente. Analizando todo el sistema y como saben tenemos un desnivel de 268 metros en los cuales no tenemos la misma temperatura en toda la instalación, y días concretos hemos tenido inversión térmica, en la cual teníamos menos temperatura en la base de la estación a 1.490 m y mas temperatura a 1.780 m. Lo cual también nos dificulta tener las condiciones óptimas para poder poner el sistema a funcionar. Con referencia a otras estaciones que están innivando, hay que analizar que por ejemplo la de Serra da Estrela esta a una altitud de 1.984 m y su ubicación hace que sea posible innivar con otras condiciones que no se dan en Manzaneda. Y las otras estaciones como La Covatilla cuenta también con una altitud de 2.000 m en la base con una altitud total de 2.369 m en su cota. El sistema de innivacion de Manzaneda se encuentra totalmente operativo con todo revisado y con las balsas llenas al 97% para poder innivar cuando las condiciones sean las idóneas.

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Formula a seguinte pregunta. O 26 de xullo de 2018 aprobouse o “proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de

Leira desde a estrada OU-0807” e, desde hai uns meses, coas resolucións dos recursos de reposición presentados, atópase rematado o expediente expropiatorio dos bens afectados polo dito proxecto. Nos orzamentos da Xunta de Galicia e nos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2022 non se atopa consignada ningunha partida relacionada coa estrada OU-0807 no seu acceso a San Vicente de Leira. ¿Cal é a situación actual do expediente da estrada de San Vicente de Leira (OU- 0807), no concello de Vilamartín de Valdeorras? ¿ Por qué nalgún orzamento de anos anteriores si que aparecía algunha partida relacionada con esta obra e no orzamento do ano 2022 non aparece ningunha? ¿Queda pendente algún trámite administrativo ou informe sectorial que impida seguir avanzando? ¿Cales son, temporalizadas, as previsións de prazos para o inicio das obras?.

A Presidencia contesta dando lectura ao informe realizado pola directora da Área de Infraestruturas e no que se indica que, unha vez vista a solicitude de información relativa ao expediente da estrada de San Vicente de Leira, formulada por don Aurentino Alonso Araújo, deputado do Grupo Provincial Socialista da Deputación, no exercicio do seu dereito a obter do Sr. presidente cantos antecedentes, datos ou informacións obren no poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función, informo o seguinte: *PRIMEIRO: Sobre a situación actual do expediente. O expediente 2020/22855D, proxecto construtivo “ACCESO AL NÚCLEO DE SAN VICENTE DESDE LA OU-0807”, no termo municipal de Vilamartín de Valdeorras, cun orzamento de 12.996.387,90 €, foi trasladado á Secretaría Xeral para a súa aprobación polo órgano competente. SEGUNDO: Relativo a que non aparece ningunha partida no orzamento do ano 2022 relacionada coa obra contrariamente ao que sucedía noutros anos anteriores. Non é certo que no ano 2022, a diferenza de anos precedentes, non exista ningunha partida nos orzamentos para esta obra. A obra antedita é unha actuación de investimento na rede viaria provincial. Os investimentos na rede viaria son incluídos na partida 61901 - 45311 PLANO COOP.VIAS PROVINCIAIS-VÍAS PROVINCIAIS. No ano 2022, do mesmo xeito que nos anos anteriores, existe esta partida nos orzamentos dotada cun millón e medio de euros. A relación de obras que se desenvolven con cargo á partida 61901 - 45311 son aprobadas polo Pleno no Plan da Rede Viaria Provincial. En anos anteriores foi incluída no plan principal ou no complementario a primeira anualidade da obra “ACCESO AL NÚCLEO DE SAN VICENTE DESDE LA OU-*

0807”. No presente exercicio o plan da rede viaria provincial aínda non foi aprobado; será sometido ao ditame da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural e á aprobación inicial por parte del Pleno na sesión ordinaria do mes de febreiro de 2022, tal e como recolle o acordo inicial das bases para a elaboración e execución do Plan Provincial adoptado polo Pleno na sesión ordinaria do 26 de novembro de 2021. *TERCEIRO: Sobre se queda pendente algún trámite administrativo ou informe sectorial que impida seguir avanzando.* O estado de tramitación do expediente é o indicado no apartado primeiro. Con carácter previo ao inicio do expediente de contratación compre aprobar e reformular o proxecto construtivo. O proxecto de trazado foi sometido no seu momento a informe das administracións sectoriais afectadas durante o trámite de información pública, e as alegacións formuladas polas diferentes administracións foron incorporadas ao proxecto construtivo. Non obstante o anterior, unha vez aprobado o proxecto construtivo e antes da súa contratación, é necesario obter as preceptivas autorizacións sectoriais. *CUARTO: Cales son, temporalizadas, as previsións de prazos para o inicio das obras.* Os prazos para a tramitación dun expediente de contrato de obras de regulación harmonizada como o que é obxecto de consulta veñen determinados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. *QUINTO: Outras consideracións.* A *OU-0807 Vilamartín (N-536) - San Vicente* conta cunha intensidade media diaria de circulación de 111 vehículos (estación de aforo 1219, pq 7+000, ano 2019). O treito cortado é un treito terminal da estrada que dá unicamente acceso ao núcleo de San Vicente de Leira. O acceso a este núcleo está garantido a través de viarios municipais que foron mellorados pola Deputación de Ourense, en cumprimento do acordo asinado co Concello en marzo de 2018, e nos que as brigadas da Deputación realizan o mantemento dende a sinatura do acordo. A Deputación está a promover tamén dende o ano 2018 un servizo de autotaxi para o desprazamento dos veciños de San Vicente entre San Vicente e o núcleo de Vilamartín dispoñible 24 h ao día 365 días ao ano.

- Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Formula a seguinte pregunta. Logo das noticias que van saíndo sobre a construción neste Pazo Provincial dun hotel balneario e dos seus anuncios na prensa sobre o interese amosado por posibles investidores neste proxecto, ¿Cales son os nomes das empresas ou investidores que, segundo vostede indicou, xa se puxeron en contacto para interesarse por este proxecto? ¿Con qué empresas ou investidores tivo vostede reunións para ofrecer este proxecto?

A Presidencia contesta que por varios principios, sobre todo os de rigor, prudencia e protección de datos, non pode achegar esa información.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Formula a seguinte pregunta. Ante o incremento dos fondos que o Estado destina á Deputación Provincial de Ourense, ¿cal é o motivo para non recuperar a mesma partida orzamentaria destinada a programas sociais de atención á infancia ou de axuda no fogar que foi diminuída en anos previos, ou mesmo ampliada?

A Presidencia contesta que transmitida a súa pregunta ao departamento de Benestar, os seus técnicos fan chegar a seguinte resposta: *A continuación se expone la evolución del compromiso de cofinanciación provincial de los servicios sociales municipales objeto de la pregunta. INFANCIA - En primer lugar, como Programas Sociales de atención a la infancia la institución provincial ejecuta el Programa de apoyo a los PAI (Puntos de Atención a la Infancia, de gestión municipal) y el Programa de Servicios complementarios a la infancia, programas iniciados en el año 2014. El presupuesto del primer año de cofinanciación provincial para los Puntos PAI (servicios preexistentes y que carecían de cofinanciación provincial), año 14, fue de 140.000 euros. La cofinanciación a los PAI se mantuvo desde el año 2014 al 2016; en este último un 7% de la financiación fue devuelta por los concellos, no fue ejecutada. En el año 2017 se baja la financiación a 100.000 euros, reducción de importe que se destina a incrementar en la misma cuantía el Programa de Servicios complementarios a la infancia, ya que las solicitudes presentadas de este programa se incrementaban. En el año 2018 se amplió la financiación de ambos programas un 25%, incremento que se mantuvo hasta el año 2020, en este ejercicio 2020, los concellos devolvieron por no ejecución una parte importante, el 22% del presupuesto en el caso de los servicios complementarios. Para el año 2020 se volvió a cifras anteriores al incremento, 210.000 euros, un 10% superior a la cuantía de 2017. La aportación provincial se mantendrá para 2022 en relación al año precedente. Estos Programas de Infancia se complementan con el Programa ChegOu, que cubre el 100% de nacimientos en la provincia, con ayudas de 300 a 500 euros, según el baremo de perspectiva demográfica que aplica la norma provincial reguladora. El Programa 2021 cerró su plazo de solicitudes el lunes de la semana pasada, el 100% de las solicitudes presentadas están ya tramitadas y resueltas; a los 1135 beneficiarios finales ya se les ha*

enviado la tarjeta bancaria ChegOu, válida para sufragar gastos sociosanitarios en las farmacias de la provincia. El próximo lunes 31 de enero se publica en el BOP el Programa ChegOu 2022. SAF _ Axuda no Fogar- En cuanto al Programa provincial de cofinanciación del SAF municipal básico, este se inicia en el año 2012 con 518.873 euros, financiación que creció anualmente hasta los 900.489 euros del 2018, cuantía que se mantiene, a excepción del 2020, ejercicio que contó con una aportación complementaria por el COVID. Así, desde el año 12 hasta el año 2022, se realizó un incremento del 73%. Es oportuno analizar también la ejecución por concellos de la dotación aprobada, el porcentaje del coste municipal del servicio que financia la Diputación, el que financia el concello y el copago del ciudadano, el coste medio de la hora de atención por concello o el número de horas que se presta en cada concello, entre otras cuestiones, datos todos que están a disposición para poder hacer un análisis más completo municipio por municipio sobre la pregunta de referencia. Sólo por aportar un dato que ilustra la realidad provincial del SAF básico: de los años 2016 a 2019 (se exceptúa el 2020 ya que debido al COVID no es ilustrativo y el 2021 porque aún no están los datos cerrados): el coste del SAF básico de totalidad de concellos de menos de 20.000 habitantes, fue de 4.226.466 euros, de los cuales 2.892.130 euros fueron aportados por la Diputación, es decir el 68% del total, repartiéndose un 32% entre la aportación de los concellos y el copago de los usuarios. Estos datos provienen de las cuantías de costes totales certificadas por interventores y/o secretarios municipales de la totalidad de concellos de la provincia. En el último año analizado, 19 de los 91 concellos, devolvieron dinero, es decir la aportación aprobada por la Diputación fue superior al coste del servicio SAF básico que prestan; y en otros 11 la aportación provincial es superior al 80% del coste municipal. De toda formas, un análisis municipio a municipio está a disposición. En los últimos 10 años, los concellos han devuelto o dejado de recibir por baja ejecución del SAB Básico y del Programa de técnicos de servicios sociales comunitarios, 806.231 euros. El SAF Básico se complementa con la Teleasistencia Provincial, el servicio social provincial con más años en funcionamiento y el único ya iniciado hace más de 10 años, todos los otros se han puesto en funcionamiento en la última década: la cofinanciación del SAF básico, del personal técnico de servicios sociales comunitarios, de los Puntos PAI, de los Servicios Complementarios a la Infancia y el Programa Chegou; en su conjunto hacen que se haya pasado de una financiación anual inferior a los 300.000 euros para los servicios sociales municipales de infancia y mayores, a una financiación en los últimos cinco años de 10.513.474,17 euros.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Formula a seguinte pregunta. ¿Ten a Deputación de Ourense algún estudo a respecto do funcionamento da Estación de Montaña de Manzaneda no último ano e / ou sobre a previsión para este ano? Está previsto ter que facer algunha ampliación de capital ao longo deste ano para esta Estación de Montaña por parte da Deputación de Ourense?

A Presidencia contesta que a concesionaria presenta ao Consello de Administración todos os anos un plan de avaliación. O último plan presentado, consultado o Consello de Administración de MEISA, corresponde ao ano 2021. Neste momento indican dende a concesionaria que está en proceso de elaboración o plan de acción de 2022 que será remitido ao consello de administración de MEISA nas próximas datas. En relación á ampliación de capital indicarlle que, consultada a asesoría xurídica de MEISA, indica que a última ampliación de capital se fixo o 15 de setembro de 2016 e non está prevista ningunha outra ampliación a día de hoxe.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Formula a seguinte pregunta. Tendo en conta que o concello de Ourense é o responsable do PEPOU, o cal tería que ser modificado no hipotético caso de que a actuación anunciada de dotación termal neste edificio no que nos atopamos tivera visos de materializarse, aínda que fose doutro xeito menos ambicioso. ¿Foi posto en común e consultadas as concellarías de Termalismo e Urbanismo do Concello de Ourense a este respecto?

A Presidencia contesta que consultado o equipo redactor do anteproxecto indica que, obviamente, mantivéronse conversas cos técnicos municipais para avaliar a viabilidade do proxecto. No anteproxecto presentado xa se valora a situación urbanística do inmovible.

Como se indicou na resposta anterior ao BNG o anteproxecto desenvólvese para acompañar a tramitación do expediente de declaración das augas termais e para estudar a viabilidade do uso de aloxamento, respectando a estrutura do edificio existente, presentando un resultado de espazos de habitación con distintas variantes, termais, e de reunións acorde á normativa vixente, e comparable a outros casos nacionais e internacionais que o documento analiza. En fases posteriores de proxecto, e a partir deste documento técnico, poderanse levar a cabo

outros estudos de viabilidade económica. Neste sentido pódolle adiantar que o vindeiro día 2 de febreiro, ás 12 horas, na sala de xuntas da Deputación de Ourense terá lugar unha xuntanza de traballo na que estarán presentes as tres administracións implicadas Xunta – Concello e a propia Deputación, xunto co equipo redactor do anteproxecto do Gran Hotel Balneario.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Formula a seguinte pregunta. En xuño de 2021 o pleno provincial aprobaba a moción do BNG na que se poñía de manifesto a necesidade dun proxecto global e sostíbel de xestión do patrimonio, para a protección dos elementos patrimoniais da provincia e no que se priorice o coñecemento e valorización do patrimonio sobre criterios turísticos. Dos nove puntos aprobados por unanimidade do pleno, non volvemos ter coñecemento. Entre eles, o primeiro punto, era a reactivación da Comisión Provincial de Patrimonio. ¿Que pasos se teñen dado por parte do goberno provincial para a reactivación da Comisión Provincial de Patrimonio?

A Presidencia contesta que a moción foi aprobada polo pleno provincial na sesión de data 30 de xullo de 2021. Os acordos referidos á Xunta de Galicia foron remitidos á Consellería de Cultura en data 04/08/2021. En relación coa reactivación da Comisión Provincial de Patrimonio, indicarlle que está prevista a súa convocatoria no vindeiro mes de febreiro.

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Formula a seguinte pregunta. Dentro do casco urbano de Viana do Bolo hai unha obra que iniciou o concello e que se atopa paralizada e que se denomina “enlace da estrada do Saritocoa estrada de Vilariño de Conso. ¿Asumiu ou vai a asumir a Deputación o remate desa obra?

A Presidencia contesta que conseguirá a información procedente e contestará por escrito.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<http://depourense.seneca.tv/s/cFbm1m4jCB5HcxNOpwPdjhIqisa7Pnj4pvzJDnVex74uZ5Xb.wmv>

SHA512

babca8e82c9e48531f83b40751bb4e326a4c17db4a94a943f79ab220a2826af6ec0bd1d
1fc751c9798f238f33b52bf00f909a00d7f0cc61533da6d3d19eece4e

E, ás 13.40 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.